

Ruralizarte e a procura do talento oculto



Páxina 5

Festa do Pulpo de Carballiño



Páxina 10

Termatalia presentouse en Buenos Aires



Páxina 15

A UNED aproba o aula en O Porriño



Páxina 17

Mostra dos cen anos do MASAT na Guarda



Páxina 20

21 millóns de euros para o Novo Barrio da Residencia de Lugo

Páxina 11



Entrevistas



Agustín Hernández,
voceiro do PP de Santiago

Páxina 4



Antonio Lomba,
alcalde de A Guarda

Páxina 21



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Luis Villares lexitima o seu liderado

O plenario de En Marea (o seu máximo órgano decisorio) aprobou con maioría absoluta todas as propostas políticas e organizativas de Luis Villares e da dirección nacional, rexeitando as emendas todas dos críticos. Luis Villares seguerá a desenvolver o liderado orgánico canda o parlamentar e as expresións políticas parlamentarias da organización, quer en Compostela, quer en Madrid habrán de sintonizar no próximo futuro coa dirección nacional que lidera o lugués, tendo en conta a proximidade das vindeiras eleccións locais.

Certo é que só participou o 23% do

censo inscrito. Mais certo é, tamén, que os proxectos políticos en democracia defínense dende a participación e non dende a abstención. Ademais, sería un erro grave de percepción por parte dos críticos sumar a meirande parte dos abstencionistas ás súas contas, cando en grande medida han de se sumar á desafección xerada polo continuo balbordo orgánico. A xente quere solucións sociais e políticas prácticas, imaxinativas e participativas para a súa vida cotiá e a dos seus e non batallas continuamente retransmitidas vía media e redes sociais.

Ningúen pode negar, porén, que o agora empoderado voceiro e a dirección

nacional marente teñen que soldar unha fractura interna evidente, tanto facendo medrar a maré galega cara a novos sectores das maiorías sociais canto recuperando moita da disidencia. Mais, para sermos obxectivos, cómpre recoñecerlle aos máis achegados á dirección que nos últimos meses foron continuos os esforzos por acadar a integración política e orgánica desta disidencia. Falta agora saber se os diverxentes queren maximizar esta fractura. Semella que a inminencia da axenda local impedirá unha ruptura e que os alcaldes da Coruña e Compostela afondarán tamén na liña de concordia e unidade, única po-

síbel para se presentar perante cadanseus electores á volta de pouco máis de vinte meses.

Gañou tamén a autonomía da Maré galega fronte ás propostas máis ou menos implícitas de xogaren a ser franquicia de Unidos Podemos. Unha decisión estratéxica que lle permitirá xogar aos de Villares todas as vantaxes da centralidade do mapa político galego, afondando na cooperación política co novo PSdeG e BNG e manténdose, polo menos en parte, indemnes do abaneo –senón mareira ou forte mareira– que se anuncia no mundo pode-mita para as vindeiras locais.



Post-verdade e referéndum catalán.

Estoulles verdadeiramente desaque-lado e confuso. Porque para boa parte da opinión publicada (tamén, malia que algo menos, na nosa Galicia) semella que querer pór as urnas para que o pobo catalán poida decidir o seu futuro constitúe un acto sedicioso ou golpista. Convocar un referéndum que queren máis do 70% dos cataláns logo de cinco anos tentando sen sorte un acordo bilateral co Estado para desenvolve-lo semella que é negativo, como si votar fose espallar o andazo do évola.

No canto disto, que o Estado active o

axuizamento e condena do anterior Presidente da Generalitat e de dous dos seus antigos conselleiros, que o Tribunal de Contas lles reclame máis de 5M€ ou que a Garda Civil impute altos cargos da Generalitat no decurso dun procedemento penal declarado secreto (como se investigasen unha perigosa banda internacional de delinquentes) vese por moitos destes opinadores como a demostración dun funcionamento normal do Estado de Dereito. Mais todos sabemos que o Goberno do Estado manexa a Fiscalía e que a súa independencia a respecto do “procès” catalán custoulles o posto a un

Fiscal Xeral e a un Fiscal Superior de Catalunya. Velaí a manifestación do anterior Ministro do Interior conspirando co antigo Director da Oficina anti fraude de Catalunya: “la fiscalía te lo afina”, referíndose á preparación de dossiers mediáticos e posteriores denuncias xudiciais sobre feitos falsos, como a imputación a respecto de Xavier Trias, anterior alcalde de Barcelona da titularidade dunha conta en Suiza cun saldo máximo de 12’9 M€.

O procès chegou a un punto de non retorno. É un movemento social transversal, que vai dende a dereita até a extrema es-

querda e que mesmo avanza entre os comúns de Ada Colau. Conta con maioría absoluta no Parlament e recibiu da metade do electorado un mandato moi concreto no senso de avanzar cara á soberanía de Catalunya. Para máis, conta cun Presidente e cun Goberno convencidos para avanzar e non recuar. Cumprirán algo máis ca denuncias penais para poder frear este proceso.

Claro é que fóra do Estado español o ambiente é distinto. Porque son moitos os que non entenden porque o Goberno do Estado non quere que os cataláns votan. E case ninguén entenderá a persecución penal española contra moitos políticos e patriotas cataláns só por facer posíbel que o pobo fale.

Solucións pra os nosos ríos xa

por Jesús de Ribadavia

Hai xa dous meses iniciéi unha campaña de concienciación sobor dos nosos ríos fundamentalmente pensaba no Miño e no Avia que me afectan mais directamente aínda que se podría extender a todos os afectados por os embalses na península, pero o caso mais flagrante e o que detallo a continuación.

Empezarei decindo que eu son de Ribadavia e que vivo exactamente na desembocadura de ambos dous ríos antes mencionados, xa teño una idade, casi 60 anos polo tanto recordo como eran os ríos antes dos embalses (por exemplo aprendín a nadar cando o Avia era o Avia, que por certo en hebreo significa Señor. Pois ben

resulta que tamén son investigador da historia de Ribadavia (que é de película) e deste estudio concluíu que o río Miño era navegable ata Tui para transportar o viño desde Francelos (Valparadiso) cuío orixe e de mil anos atrás como Porto de todo o Ribeiro. O longo da historia sobre todo a separación de Portugal, e mais tarde que nos pasaran o Obispado de Ourense, cando nós sempre fumos do de Tui ata o río Avia (limite histórico). Fai xa sesenta e pico de anos que nos encaixonaron de tal maneira

por obra e gracia do encoro de Frieira, co que non me vou estender, nin o Miño e navegable como sempre foi, nin por suposto a pesca sube xa que as anguillas salmons sábalos etc son un simple recordo do que vivía moita xente.

Por todo esto eu exijolle a Fenosa ou como se chame agora que faga unas “EXCLUSAS” para solucionar o problema de raíz, e si non fose así habría que pensar outros métodos. P.D.O tema do río Avia queda para outra vez.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

Por Guillermo Rodríguez

Que vai pasar en Cataluña?

Estamos sendo sometidos a un continuo e persistente bombarde informativo sobre o que está pasando en Cataluña. Os que xa peiteamos ruzas tempos ha apreciamos unha clara e oportunista falta de memoria histórica.

O Goberno Central está utilizando a Constitución do 78 como se fora un mantra. Algo inamovible na que atopa solucións a todos os problemas políticas e sociais que 40 anos despois se nos presentan cada día. Gusta presumir que esta é a constitución máis lonxeva da historia do Estado Español, a que ven a confirmar que houbo outras constitucións que duraron moito menos tempo. Algunhas poucos anos. E non pasou nada. Non se fundiu a masa polar, cousa que agora está ocoreendo e non por cambiar unha constitución, precisamente.

Daquela, nos anos posteriores a morte do dictador (ano 1975), a sociedade política do Estado atopouse cunha nova situación que, aínda sendo prevista, non deixaba de ser preocupante. Dáus opcións se presentaba á vista: unha evolución sen traumas ou unha ruptura democrática que finalmente foi descartada.

Asegurar que o a cordo ao que chegaron as forzas políticas de dar vida a unha constitución nova, do trínque, na que se viran representadas todas as inquietudes políticas existentes foi a mellor opción non é de todo verdade. O que ocorreu foi que o tardofranquismo ameazaba con facer valer "o capital político" da Dictadura e non permitir que aquí se enterraran as leis franquistas. En efecto, non podemos esquecer que o rei, hoxe emérito, d. Juan Carlos xurou as Leis Fundamentais do Movemento. Así as cousas e

coa cantinela do ruido de sables (referíndose a posible intervención do exército) a clase política "baixou os pantalóns" e aceptou unha constitución que dalgún xeito congtentaba a todos. Bueno, a todos non. Lembremos que os vascos non aceptaron aq apaño, non votaron a constitución e aseguráronse de que nela non se lle

ripé de que os cataláns tamén estaban de acordo, aínda que Tarradellas o primeiro que fixo cando chegou a Barcelona foi saír ao balcón do edificio da Generalitat e pronunciar aquelas bres pero ilustrativas palabras: "Ja soc" (xa estou aquí). Ou sexa, demostrando que CATALUÑA non renunciaba aos poderes e privilexios anteriores usurpados polo franquismo.

Pero isto non é todo. O que temos que entender, e refirome a todos os tertulianos que cobran por falar de todo aínda que as veces non entendan de nada, que o caso Cataluña non é comparable, nin se pode tentar disfrazar con aquel intento estúpido de "café para todos". Na Constitución quedaron reflexadas tres Comunidades históricas, non tres rexións franquistas: Galicia, o País Vasco e Cataluña. Logo viria Andalucía que se rebelou e foi admitida tamén como se dunha comunidade hiasórica se tratara.

Pensar, como se pretendes facer agora, que estas comunidades poden ser conmparadas a Murcia, a Rioja, Cantabria, etc. é dunha miopia e dunha necesidade supina.

Pero o caso catalán non é algo inventado nos últimos tempos; ven de lonxe.

Aló polos anos de 1.700 durante a Guerra de Sucesión Española xa o "Asunto dos Cataláns" estivo sobre a mesa cun peso moi específico.

Resumindo, porque non estamos diante dun traballo histórico, por eses tempos países como Inglaterra, Francia, España, Holanda e o Imperio Austríaco debatíanse nun serio enfrontamento para evitar a formación de bloques políticos entre a Casa de Borbón e a Casa de Austria. Non imos deternos aquí en máis da-

talles, somen- t e s apuntar que no m e d i o d e s t e

berenxenal político-económico xa Cataluña tiña un peso moi importante. Tan importante que nas negociacións entre Austria e Inglaterra os austríacos solicitaban aos ingleses que manteñan as institucións catalanas en forma de República Catalana; cousa que xa tiñan comprometido polo Pacto de Génova; defender os privilexios dos cataláns e as súas institucións. A cousa non resultou porque Felipe V non aceptou nada que non estivese baixo o seu control, aínda que a cambio cedeu a isla de Menorca e o Peñón de Gibraltar. !!Quen o diría!!

Os cataláns foran moeda de cambio. Logo dunha resistencia numantina as tropas de Felipe V, que durante nove meses esquilmaron todo o que atoparon ao seu paso para alimentarse e dar de comer aos seus cabalos (de aí a frase de !Castela nos rouba!, entraron a saco en Barcelona. Non so mataron senon que pasearon aos mais destacados defensores arrastrándoos por medio dun cabalo polas prazas da cidade; incluso troceando e expoñendo ao escarnio público aos defensores máis destacados..

Na próxima entrega falaremos con máis detalle de cómo eran as institucións cataláns daquel entón para que cando se fale da Cataluña de hoxe se teña en conta que non saíu dun capricho dos actuais gobernantes. Aquela Barcelona (os cataláns) foron sometidos pola razón da forza, que non pola forza da razón.

Non quero pensar que Rajoi pretenda ser un émulo do Borbón de mal recordo e mandar tamén as tropas a sitiar Barcelona. A min non me estrañaría demasiado.



Ilustración F.Eiró

tocaba un pelo aos seus dereitos históricos. E así foi.

En canto aos cataláns, que agora nos preocupan. Bueno, lles preocupanm, dicir que Adolfo Suárez tivo que chamar a Tarradellas, que vivía en Francia e mantiña a representación dos poderes da Generalitat de Cataluña, par que voltara e fixera o pa-

www.novasdoeixoatlantico.com



Entrevista

Por Moncho Mariño

Entrevista con Agustín Hernández, concelleiro do PP en Santiago de Compostela

“Cremos que Santiago perdeu peso político e institucional”

Agustín Hernández chegou á alcaldía de Santiago de Compostela logo de que o seu predecesor, Ángel Currás, dimitise. Hernández aterrou en Raxoi nun momento convulso para o PP compostelán que no 2015 perdeu a alcaldía nas

eleccións municipais. Agora desde o seu posto como voceiro do principal grupo da oposición, considera que as políticas de Compostela Aberta e o seu alcalde, Martiño Noriega, non son as idóneas para a capital galega.

-Cal é a valoración que fai dos dous anos de goberno de Compostela Aberta?

-Todos os que estamos na oposición ao goberno en minoría, facemos unha valoración desde a nosa realidade. Pero tamén tentamos facer unha análise obxectiva de se a cidade está mellor ou peor, se mellorou ou non a xestión e se hai proxectos novos. Respondendo a estes puntos, chegamos á conclusión de que a cidade segue nunha inercia na administración e que funciona, non necesariamente, baixo a dirección dun poder político. Por tanto, esa inercia administrativa segue funcionando.

Os problemas que escoitamos da cidadanía cando temos xuntanzas, son os mesmos que escoitabamos cando estabamos no goberno e mesmo de anos anteriores. E así, a valoración que temos destes dous anos é que foron dous anos perdidos, dous anos baleiros dos que creo, obxectivamente tamén, na primeira parte do mandato o goberno local acusou de maneira moi clara a falta de experiencia. O goberno municipal tamén tivo problemas respecto á súa posición en minoría, cousa que ten consecuencias no momento de aprobar iniciativas como a da súa impositiva que pretendeu ao principio do mandato e que nós, co PSOE, impedimos que se levara a efecto. Identificamos estes dous anos como perdidos para a cidade, coa gravidade de que nós recoñecemos que no 2015 houbo un cambio radical, houbo unha oportunidade no sentido de que emerxeu unha forza política nova, sen experiencia e que pretendía mudalo todo, segundo as súas palabras. Nós cremos que logo de dous anos non mudou case que nada.

Na nosa opinión.

-Desde a súa perspectiva como concelleiro, era necesaria a intervención que houbo no desaloxo realizado no Centro Social Escarnio e Maldizer?

-Nós non valoramos unha cuestión que está fóra do debate político. O que aconteceu foi un longo proceso xudicial, impulsado por un propietario lexítimo que veu ocupada a súa propiedade, xa ocupada na última parte do mandato do PP. O propietario reclamou os seus dereitos, houbo un procedemento e orde xudiciais, que indicaban unha actuación con extrema dilixencia e cunha total discreción. A policía apoiou o operativo necesario para executar unha decisión xudicial. A partir diso, creo que houbo unha primeira parte da actuación do goberno de Compostela Aberta, que tentou xustificar a ocupación dunha propiedade privada e tentou estigmatizar accións da policía que estaba cumprindo un mandato xudicial. Pero despois houbo unha clara rectificación por parte do goberno local ao recoñecer que o acontecido foi levar adiante un mandato xudicial, de acordo cunhas instrucións claras cunha reserva das actuacións, porque iso tamén é importante que o saibamos. Era unha actuación feita coas ferramentas que determina o estado de dereito para cumprir unha sentenza xudicial.

-Pero desde a súa posición, non considera necesaria unha nova maneira de xestionar a vivenda baleira na cidade, que eses inmobles non acaben sendo locais de ocio ou hoteis?

-Obviamente a administración non ten que confiscar nin conculcar o dereito á propie-

dade, un dereito recollido na Constitución. O que deberían facer as administracións é impulsar medidas que permitan facer máis atractivo o casco histórico e mesmo o ensanche. É certo que temos un problema na cidade con respecto a vivendas baleiras. O concello deba bonificar as persoas que decidan libremente vivir no casco histórico, impulsar accións por parte do Consorcio, para bonificar a rexeneración urbana no casco vello, facilitar o pagamento e apoio económico ás persoas que viven no casco urbano. Hai persoas que visibilizan o casco urbano como un lugar onde, no centro viven persoas privilexiadas, pero tamén no casco histórico hai persoas que non contan con rendas e con problemas económicos. Outro punto a tratar polo concello, na miña opinión, sería habilitar un plano especial realista e axustado ao século XXI.

-Como sería ese plano?

Aproveitaría o plano vixente, que xa é vello. Nós no último ano de goberno deixamos adxudicada a redacción do novo Plano Especial, e creo que o goberno de Compostela Aberta está enleando a tramitación dese plano, cunha suposta participación cidadá. Cremos que a participación cidadá está ben, pero cremos que o Plano Especial é un documento técnico e urbanístico que segue un procedemento establecido na lei do solo. O que ten que facer o goberno é redactar unha diagnose dos problemas no casco vello. Neste tema temos unanimidade, a saturación de locais de ocio e persoas, hai ausencia de alternativas diferentes para os turistas que non sexa o Obradoiro, Fonseca, Toral e Praterías. Santiago é atractivo na



Cidade da Cultura e nos parques por exemplo.

Tamén o medio rural, mediante unha iniciativa, Área Santiago, na que estaban un conxunto de concellos da bisbarra de Santiago. Fixose porque cremos que Santiago non só é a catedral. Niso entraba a extensión do tren turístico pola zona do Sar, unha iniciativa dos gobernos anteriores pero que Compostela Aberta abrirá este verán.

-No caso das peonalizacións, estima que son oportunas?

-Nós cremos nunha cidade máis saudable e máis sostible. Por tanto, as peonalizacións considerámolas positivas. Pero cremos necesario primeiro unha diagnose da cidade, segundo, plano de mobilidade, con carácter xeral e logo puntual. Feita a diagnose e o plano, hai que compartir eses datos cos colectivos da cidade e as forzas políticas. Logo facer unha proposta. Nós criticamos a forma de facer as cousas deste goberno. Decidiu dun día para outro peonalizar San Pedro, obviamente San Pedro está mellor sen vehículos, pero é unha peonalización feita a medias. Pois os criterios restritivos estanse a aplicar de ma-

neira discrecional.

Cando pechas un vial, os vehículos son reasignados, pero esa reasignación debería facer logo dunha análise, de dar alternativas para non crear o malestar que hai na Facultade de Económicas e en colectivos comerciais, que visualizan esta ausencia de diálogo.

-Por que cre que se falou tanto do firme das rúas, calzadas, etc., nos últimos dous anos?

-Aínda que Santiago mellorou algo grazas a ese millón de euros habilitado por este goberno, é certo que hai un ano a cidade estaba nunha situación tremendamente deteriorada. É certo que iso non é novo. Na miña opinión existen dous puntos, moitas desas zonas non foron urbanizadas hai trinta ou corenta anos, senón entre quince e cinco anos. Resulta sorprendente ese deterioro tan rápido. Habería que facer unha reflexión, ademais dunha diagnose, para crear un plano de rexeneración e recuperación do entramado viario de Santiago.

É certo que no seu momento, o goberno bipartito de Santiago decidira aceptar unha cesión de viais, como o Cruceiro da Coruña ou a vella estrada ao aeroporto.

Continúa na páxina seguinte...

Entrevista

Por Moncho Mariño

...Ven da páxina anterior

Viais que foran aceptados polo concello sen que o ministerio adoptara as necesarias reparacións para deixalos en condicións. Creo que aquilo foran unhas negociacións prexudiciais para a cidade. Agora non podemos laíarnos e debemos incluír eses vias na diagnose para unha actuación sobre eles. Tamén petar nas portas da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia, porque o custe desas actuacións superan as capacidades do concello.

-Falando da Xunta de Galicia e o concello, como ve as relacións entre estes dous organismos?

-Protocolariamente son correctas. Estamos satisfeitos porque existen amplos espazos onde as dúas institucións traballan conxuntamente, como ese plano de reindustrialización para incrementar o peso do sector produtivo e non só do turismo. Lamentamos que nalgún momento que o goberno de Compostela Aberta pón por riba

dos intereses da cidade, intereses partidistas como aconteceu recentemente na folga do transporte.

-Será vostede cabeza de lista nas municipais de 2019 e cales serán as liñas mestras do seu grupo nestes dous anos?

-Ser o cabeza de lista depende dos órganos correspondentes do partido. De aquí ao 2019 o Grupo Popular vai traballar para coñecer a cidade, trasladar un proxecto ilusionante para recuperar o sentimento de

capitalidade e o orgullo de ser santiagués. Cremos que Santiago perdeu peso político e institucional. Desde logo, nese sentido, desde o PP temos que asumir erros nosos no mandato 2011-2015. Pero a cidade foi perdendo presenza e peso case desde o 2007.

-No caso de poderen gobernar sen ter a maioría absoluta con quen estarían dispostos a pactar?

-Traballamos para ter unha maioría suficiente, pero non du-

bidamos en que se os cidadáns de Compostela nos dan un número de concelleiros suficientes para a maioría absoluta, coa mesma lexitimidade que o señor Noriega está dirixindo un goberno en minoría neste mandato, nós reclamariamos o mesmo dereito que tivo el no 2015 para conformar un goberno. E desde o minuto un buscaríamos a estabilidade que permitise a gobernabilidade de Compostela. Non pechamos as portas a ninguén.

Ocatorce de agosto remata en Riós, Ourense, o programa Ruralizarte, que organizan conxuntamente a Consellería de Política Social e de Medio Rural, mediante as direccións xerais de Xuventude, Participación e Voluntariado e de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. O obxectivo é atopar novos talentos no medio da mocidade de entre catorce e dezasete anos, dunha maneira divertida e tomando como contexto o medio rural. Entrevistamos á directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, unha das persoas vinculadas a este proxecto.

Un dos obxectivos do programa Ruralizarte é promover a intelixencia emocional dos mozos e das mozas co medio rural. Era tan necesario desenvolver este punto?

Galicia é unha comunidade que case na súa totalidade é rural. Así foi que nos pareceu moi boa idea ter a Galicia como un plató desta iniciativa. Tamén para achegar a mozos e mozas que non teñan un contacto moi próximo co rural e podan coñecer as iniciativas empresariais levadas adiante por outros mozos e mozas. E por último, é unha forma de poñer en valor recursos importantes que temos en Galicia.

Que criterios seguiron para a selección das persoas participantes?

A selección faise mediante dous castings. A primeira é unha fase online, nela os rapaces deben gravar un vídeo de dous minutos como máximo. Un minuto sería para presentarse e

Ruralizarte e a procura do talento oculto



Na presentación de Ruralizarte: Alba González Diz, Cecilia Vázquez Suárez, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Dalia García Couso, alcaldesa de Melide, Belén Do Campo Piñeiro, directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, e Rubén Riós, director creativo das xornadas.

contar cal sería a súa historia, relación co rural se a teñen e que diferenzas ten a súa historia coa doutros mozos. Depois teñen un minuto para realizar unha actividade escénica de calquera tipo. En base a iso un xurado escolle aos mellores candidatos e candidatas para participaren nun casting presencial. Esta proba é de tres minutos, aquí engádese un minuto para a presentación. En base a iso, o xurado escolle aos catorce mozos e mozas.

Como nace o Programa Ruralizarte?

Naceu logo dunhas conversas con Rubén Riós, un actor ben coñecido en Galicia, el mesmo saíu do rural. Nunhas xornadas nas coincidimos comezamos a falar do talento de mozos e mozas e do rural como unha oportunidade. Eu faleille da nosa plataforma "Xuventude Crea", para promocionar o talento da xente nova. Ademais, eu tamén estou vinculada ao rural por ter traballado a empresas relaciona-

das co mesmo. Así fomos falando de poñer en valor o rural. A partir de aí foi nacente Ruralizarte. A primeira experiencia foi o ano pasado, só participou a Dirección Xeral de Xuventude, porque foi cunha pouca de premura. Este ano falamos con Medio Rural que veu unha oportunidade para sumarse a esta iniciativa. E este ano xa somos as dúas direccións xerais xunto con Rubén Riós.

Por que escolleron as localidades de Palas de Rei e Melide

para facer os primeiros campamentos?

Primeiro por seren localidades rurais, onde existen varias iniciativas empresariais relacionadas co rural. E tamén porque en Palas e Melide, Xuventude ten dous campamentos. Pareceunos interesante que conviven cos mozos e mozas que participan na campaña de verán da Xunta de Galicia.

Nestes lugares vanse celebrar unhas "máster-class". Como funcionan estas aulas especiais, cal é o obxectivo e quen as imparte?

O obxectivo é que teñan unha convivencia e unha clase con artistas recoñecidos. A idea é que estes artistas axuden aos mozos e mozas sacaren o mellor da súa creatividade. Cada quen nas súas disciplinas, pero o que se propón é que os artistas podan axudar a sacar todo o que teñen de creatividade. As persoas que convivirán con eles serán Emilio Rúa, Tania Fuego, Lucía Pérez, Rubén Riós e María do Ceo.

A parte final celebrárase en Riós, Ourense, coincidindo co Festival de Artes Escénicas. Cal é o cometido dos participantes nesta parte do Ruralizarte?

Pois que todo canto aprenderon nas "máster-class" que o poidan poñer en escena. Así poderán actuar no Festival, será coma o premio á súa aprendizaxe. As actuacións serán individuais e colectivas. O ano pasado fixeron unha class-movie relacionada cos incendios. Escenificaron con música un audiovisual sobre toda a problemática que levan os incendios. Isto é como un premio pola súa participación e compartiren palco con diferentes personalidades das artes escénicas.

Galicia

Redacción

O Feito a Man aumenta a súa programación e acolle case 80 espectáculos do 3 ao 30 de agosto

Setenta e oito concertos e outras tantas bandas e/ou artistas volverán encher as rúas e prazas da Cidade Vella compostelá. O Concello de Santiago colabora na décimo cuarta edición do Feito a Man, o festival de rúa organizado pola Asociación Cultural Cidade Vella, que terá lugar do 3 ao 30 de agosto, con máis días de programación, máis concertos e máis artistas.

O programa foi presentado esta mañá na praza de Feixóo, coa presenza do alcalde, Martiño Noriega; da vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín, e de Manu Rodríguez e Ánxeles Porto, por parte da organización. A parte musical correu a cargo de Espiño.

O alcalde destacou que o Feito a Man é "o fio musical polo que se emite a banda sonora do mes de agosto de Compostela. Eses concertos que te sorprenden camiñando pola cidade histórica". Por iso, engadiu, "o Concello está encantado de colaborar e de duplicar esforzos para continuar consolidando a música en compostela".

Polo Feito a Man deste ano, o máis longo e abondoso de todos os que se teñen celebrado, pasarán máis de 70 propostas artísticas diferentes de diversos estilos musicais: pop, rock, blues, jazz, hip hop, música tradicional galega... Como vén sendo habitual, o groso do festival recae nos concertos de pequeno formato realizados nas terrazas dos establecementos organizadores, mais tamén haberá lugar para noites con artistas de maior formato. Así, á parte de rúas como a Vía Sacra, a rúa da Orfas, a praza de Feixóo, Tras San Fiz de Solovio ou rúa Xelmírez, haberá actuacións nas prazas de Mazarelos, San Martiño Pinario, Cervantes ou Quintana.

Dous concertos especiais

Esta última praza acollerá dous concertos de maiores dimensións e de pagamento: o 20 de agosto, un concerto dos escoceses Shooogenifty coa Banda das Crechas e as Tanxugueiras, que levará o nome de Noite para Angus, o violinista da banda escocesa que tanta relación tiña con Galicia; e o día 30, para fe-

char o festival, terá lugar o espectáculo Camiñar sen fin. Concerto para Narf, no que participarán dúas de artistas do mundo da música e das artes escénicas que farán un percorrido pola carreira de Fran Pérez 'Narf'.

Bandas locais e internacionais

Nestes 28 días de programación continuada, con dous ou tres concertos diarios en diferentes puntos da cidade, poderemos ver concertos de moitos xéneros musicais e tamén de distintas procedencias. Tal e como é sinal de identidade dende o comezo da propia existencia deste festival, continuará a promover a escena local cunha programación na que se prima o talento de proximidade.

Poderemos escoitar bandas como Oh Ayatollah, Espiño, Som do Galpóm, Os d'Abaixo, Valentin Caamaño Trío, Trifasic, Zapa, Chocolate Band, Mojo Experience, Pablo Sanmamed Trío, Alô Django, Garcia Mc, The Neighbour, Banda das Crechas, Grúvzilla, Leira Catro, The Show Bass, Puma Pumku, Noe Black ou Tres Pesos. Alén disto, tamén



Intervención do alcalde na presentación do programa

haberá bandas internacionais como Quique Escamilla (Canadá/México), Kyekyeku (Ghana), Kamankola (Cuba), DJ Najle (Colombia), Cygne (USA), Kaela Rowan Band (Escocia), Haema (Portugal), Michelle Alany and the Mystics (USA), Scratchy Sounds (Inglaterra), Mongrel State (Irlanda) ou Luiz Caracol (Portugal).

Outras novidades

Alén da programación, o fes-

tival este ano estrea viño propio, un ribeiro con uva treixadura que leva o nome do festival. E tamén unha app, tanto para móbiles Android como iOS, que se pode descargar de forma gratuíta.

Este festival, organizado pola Asociación Cultural Cidade Vella, está apoiado polo Concello de Santiago e pola Deputación da Coruña, ademais de patrocinado por Estrella Galicia.

Goretti Sanmartín anuncia que a Deputación da Coruña denunciará a Fundación Francisco Franco de se producir apoloxía do franquismo no Pazo de Meirás

A vicepresidenta, Goretti Sanmartín, anunciou que a Deputación da Coruña denunciará á Fundación Francisco Franco de se comprobar que fai apoloxía do franquismo no Pazo de Meirás. Goretti Sanmartín lembrou na inauguración da Feira do Libro da Coruña que a Deputación xa lle retirou as honras e quere saldar o episodio en que colaborou no "expolio" do Pazo de Meirás.

Goretti Sanmartín respondeu na súa intervención ao comunicado da Fundación Francisco Franco en que agradece a "xenerosidade e intelixencia" da Deputación da Coruña á hora de colaborar no expolio da veciñanza para que o Pazo de Meirás fose propietario da Familia Franco. "Esa Deputación o pasado ano retirou as honras a

Francisco Franco e e denuncia que a Fundación que leva o seu nome empregue as visitas obrigadas, pola súa condición de BIC, para facer apoloxía do franquismo, como recoñeceron a través dese mesmo comunicado", sinalou Goretti Sanmartín na súa intervención que comezou lembrando a figura de José María Eirís, libreiro na rúa San Nicolás asasinado en 1937 no Campo da Rata da Coruña, hai agora oitenta anos.

"Cando se cumpren oitenta anos do seu asasinato, desde a Deputación da Coruña queremos facer un claro alegato para a recuperación a súa memoria, da memoria de tantas vítimas do franquismo aínda silenciadas", dixo, ao tempo que invocou a Lei da Memoria Histórica para reclamar que se impida que a Fun-

dación Francisco Franco siga eloxiando o réxime ditatorial no Pazo de Meirás. "Un feito así non acontece en ningún país que teña posto fin a unha ditadura como a que aquí se viviu, en Alemaña sería impensábel coa figura de Hitler ou en Italia con Mussolini", dixo.

"Tivemos a ben retirar as honras que aínda tiña de fillo predilecto, porque nós, as honras, dámosllas a unha Xeración Perdida polo xenocidio que el mesmo encabezou", dixo, botando man do título do proxecto da Deputación da Coruña de recuperación da memoria histórica ao tempo que anunciou o compromiso de presentar unha denuncia se a Fundación incumpre a Lei da Memoria Histórica facendo apoloxía do franquismo no Pazo de Meirás.



Sanmartín na Feira do Libro de A Coruña

A vicepresidenta e responsábel da área de Cultura da Deputación da Coruña reivindicou a necesidade de recuperar a memoria histórica no marco da Feira do Libro

xa que, segundo sinalou "librarías e bibliotecas son espazos que nos fan libres e por iso as ditaduras sempre queimaron e prohibiron milleiros de libros".

VIVE O VERÁN



Ven a vivir un verán cheo de actividades para toda a cidadanía. Actividades para **ver, facer e percorrer** todo o concello, coñecendo e participando dos parques, espazos naturais e lugares de encontro sociocultural.

VIVE O VERÁN EN COMPOSTELA



AGADIC



galicia
o bo camiño



GADIS

Galicia

Redacción LUGO

Medio Rural mellora accesos a explotacións agrarias

A Consellería do Medio Rural investiu no Concello de Lugo preto de 90.000 euros a través do Plan marco de mellora de camiños municipais e acceso a explotacións agrarias. E apoio serviu para mellorar varias estradas dos núcleos rurais de Benade e Adai. O delegado territorial da



O Plan marco inviste en Lugo preto de 90.000 euros.

Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro dixo que “o obxectivo deste plan é mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais. E na Xunta entendemos que un bo camiño para facelo pasa por mellorar as dotacións existentes en infraestruturas básicas, como estas estradas”.

Na parroquia de Adai a achega autonómica permitiu actuar sobre 2.380 metros de superficie. Namentres que no tocante á segunda obra, a executada en Benade, propiciou a mellora de case 800 metros. En ambos casos, as actuacións supuxeron a reposición da capa de rodaxe con asfalto en quente, limpeza das cunetas e bermas para aumentar as condicións de drenaxe da pista e facilitar a evacuación de auga das mesmas. Tamén se procedeu a sinalización e pintado das estradas e á coloca-

ción de bases de formigón armado para situar os colectores de lixo.

Novo plan

Balseiro tamén explicou que plan marco da Xunta dá continuidade ás actuacións desenvolvidas en anos anteriores. Con este fin os concellos lugueses recibirán en conxunto máis de 4,1 millóns de euros para mellorar os seus camiños rurais de titularidade municipal. O reparto destes fondos fíxose en base a criterios obxectivos e de acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) onde están representados alcaldes de todas as cores políticas. O delegado territorial lembrou que a presente anualidade a Consellería do Medio Rural fai un esforzo sen precedentes para fornecer este plan de mellora de camiños con fondos propios.

Mercado das Carmiñas en Mondoñedo



Presentación da programación.

Celebrouse na praza da Catedral-Basílica de Mondoñedo o tradicional Mercado das Carmiñas. O mercado das Carmiñas presentou este ano un amplo programa de actividades no que destaca a Festa da Ensalada, un concurso no que participan os locais de hostalería da localidade que compiten cunha degustación de pratos exquisitos. Tamén se desenvolveu un show cooking no que participaron tres prestixiosos cociñeiros: Manuel Núñez concursante de Top Chef, Héctor López do grupo Nove e Miguel Cobo, do restaurante Cobo Vintage e estrela Michelin.

O programa inclúe, como actividades complementarias, xogos para os máis novos, pasarúas e unha exposición de coches e motos clásicos que se

achegarán ata praza do Seminario a iniciativa da asociación mindoniense Mira e Anda. Balseiro salientou a importancia dun evento que aposta polos produtos da horta e pola súa potenciación e significou que se trata dunha feira moi singular onde a calidade e a frescura esta sempre vixente e como tal é apreciada polos consumidores máis esixentes.

Na presentación da programación participaron o delegado da Xunta, José Manuel Balseiro, a alcaldesa da localidade, Elena Candia, o concelleiro de Industria e Promoción Económica, Manuel Tapia e os integrantes da organización Angel Marful, presidente da Aciam (Asociación de Comerciantes Local) e Eva Anello propietaria do restaurante A Horta da Paula.



O viticultores vilalbeses na entrada de Erega, no Ribeiro.

Viticultores de Vilalba coñecen a Erega como paso previo a un posible convenio

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Erega), dependente da Consellería do Medio Rural,

abriu as súas portas para recibir a visita dun grupo de setenta viticultores pertencentes á Asociación de Viticultores de

Vilaboa (Asovivi).

Esta visita encádrase nas conversas que están mantendo o presidente de Asovivi, Gui-

llermo Martínez, e o director de Erega, Juan Casares, para asinar un convenio de colaboración entre ambas as dúas entidades. O obxectivo é desenvolver accións formativas e de transferencia específicas para este colectivo.

Foi o propio Juan Casares, quen explicou polo miúdo todos os traballos que se están a desenvolver neste centro de investigación e os servizos que ofrece para o sector vitivinícola galego. Así, os profesionais puideron coñecer o avance dos traballos realizados no marco do programa de selección clonal que permitirá nos vindeiros anos poñer a disposición do sector galego material de vide certificado e con garantías tanto xenéticas coma sanitarias. Comprobaron tamén a evolución do programa de recuperación de variedades autóctonas ou de cultivo tradicional en Galicia encamiñado a estudar ata cinco variedades,

como a albilla do Avia ou a zamarrica, e proceder á súa inclusión no “Registro de variedades comerciais” do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente; todo isto como paso previo á posibilidade de utilizalas comercialmente.

A Asociación de Viticultores de Vilaboa foi fundada no ano 2000 e agrupa un total de 150 persoas. Entre os seus obxectivos fundacionais están traballar na promoción e mellora dos viños producidos na península do Morrazo e para iso levan anos tentando recuperar e potenciar as cepas habituais naquel territorio. Asovivi é unha entidade colaboradora na Mostra do Viño de Vilaboa e foi unha das entidades implicadas no impulso ao proceso de concesión e aprobación da Indicación Xeográfica Protexida Ribeiras do Morrazo, de feito o seu presidente é o actual voceiro desta IXP.

Polémico acondicionamento do antigo Hotel Comercio de Monforte

O grupo municipal do PP de Monforte denuncia a “total improvisación” coa que o alcalde está a actuar para consolidar a súa desfeita do baixo do Hotel Comercio. A xunta de goberno provincial acordou a modificación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello coa finalidade común de colaborar na realización de obras e acondicionamento do local sede do Consorcio Turismo Ribeira Sacra e Oficina do Peregrino, de tal xeito que a data para executar os investimentos obxecto desta modificación ao convenio quede fixada no 30 de setembro de 2017.

A voceira do PP, Julia Rodríguez, sospeita que este cambio suporá unha modificación do proxecto inicial, pese a que nas reunións que o rexedor mantivo coas voceiras da oposición se negou en todo momento a cambiar unha soa coma. “A evolución das obras fai pensar nun cambio sobre a proposta inicial, pese a que ten dito que non se podía

modificar”, insiste. A popular precisa que “se o proxecto inicial era un despropósito, o que se intúe xa é un desatino total”. Así, as obras deixan á vista que se está a tabicar con pladur sen ter colocados máis paneis, polo que todo indica que se vai eliminar a porta que diferenciaba os dous usos, o do Consorcio e o do Camiño, é de ser así o espazo para o Camiño quedaría convertido nun pasillo.


Desde o PP manteñen a proposta de que o espazo sexa dedicado ao Camiño de Inverno como nexo de unión, pero que debe quedar a un andar con paneis móbiles que permitan usos múltiples; un espazo que, en definitiva, permita de todas as maneiras posibles difundir e promocionar o Camiño na nosa cidade e na nosa comarca. Todo parece indicar que non existirá esa zona específica para o Camiño, o que leva aos populares a preguntar no vindeiro pleno polas razóns polas que se modifican os prazos e cómo se vai

ver afectado o proxecto inicial.

“Ao final vese o que vimos dicindo durante meses, que o alcalde non ten un proxecto para o baixo, máis alá de querer esnaquizalo compartimentando o espazo de maneira que non vai ser útil para o fin que se persegue. Co seu capricho, e pese a o criterio en contra da oposición, o alcalde segue adiante co seu ataque ao patrimonio da cidade”, lamenta Rodríguez.

Ribasaltas

O grupo municipal do PP tamén interesase pola “parálise total” na que o Goberno local mantén o acondicionamento da praia fluvial na área recreativa de Ribasaltas. O PP pregunta polas razóns polas que, a pesar do tempo transcorrido desde que se solicitou en xullo de 2015, e de novo en xullo de 2016, non se levaran a cabo as xestións oportunas por parte do Goberno local que permitan poñer en funcionamento unha zona de baño pública e gratuíta na área recreativa de Ribasaltas. Os populares re-



Proposta de actuación en 2016 no edificio do antigo Hotel Comercio.

cordan que cada ano, de forma reiterada, se vén solicitando antes do inicio da época estival información sobre as xestións realizadas para a creación dunha praia fluvial na área recreativa de Ribasaltas, o que ten motivado numerosas iniciativas plenarias do PP co fin e que o Goberno local actuara.

Julia Rodríguez, pídelles ademais ao alcalde que dea as explicacións oportunas que permitan coñecer por qué, pese a ter pasado tanto tempo, non se ten feito nada para limpar e acondicionar mínimamente o espazo da

Isla del Sierra deixando que sexa a iniciativa veciñal a que estea a suplir a actuación municipal.

Desde o PP precisan que o alcalde anunciou o pasado mes de setembro que se limparía de maleza, se podarían as árbores e se dotaría á zona de mobiliario urbano. “O que obtivemos por parte do alcalde é silencio e falta de traballo, mentres que tiveron que ser os veciños os que, de maneira voluntaria, actuaron sobre o illote acondicionando a contorna e paliando así a desidia municipal”, resume Julia Rodríguez.

O PP de Monforte quere que a concesionaria da limpeza cumpra co seu contrato

Este grupo municipal ten noticia de que operarios de FCC reciben instrucións e son trasladados a outros concellos limítrofes onde a mesma empresa presta servizos de limpeza para levar a cabo tarefas propias dese servizo. Isto representa, que mentres a empresa percibe os prezos correspondentes doutros concellos, traslada aos operarios de Monforte para prestar servizos. “Desta maneira, o servizo polo que estamos pagando, vese minguado, posto que pagamos por horas e operarios que realmente non están desenvolvendo o seu traballo en Monforte, o que representa un fraude ao Concello monfortino”, asegura Julia Rodríguez, voceira do grupo popular.

O PP ten recibido ademais queixas de veciños advertindo de que a empresa FCC capta auga nas bocas de rego, polo



Segundo o PP a empresa FCC capta auga nas bocas de rego.

tanto, auga potable, para ser utilizada no baldeo das rúas, captación que está expresamente prohibida no contrato do servizo de limpeza viaria e recollida de lixo, que establece un punto de captación específico no lugar de A Veiga. Este feito non só representa un in-

cumprimento do contrato e unha perda de auga potable, senón que prexudica aos veciños das zonas onde se capta, que ven como diminúe de modo apreciable a presión da auga da que dispoñen cando se produce a captación, coas dificultades e molestias que conleva.

Entregada en Chantada unha vivenda de promoción pública

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, fixo entrega das chaves ao adxudicatario dunha vivenda de promoción pública sita na rúa Daniel Vázquez,

de Chantada. A vivenda, adxudicada en réxime de alugueiro, ten 40,19 metros cadrados e consta dun dormitorio, trasteiro, un baño e cociña plenamente amoblada. O novo residente pode facer uso mesma de xeito inmediato.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda segue impulsando distintas iniciativas encamiñadas a garantir o dereito de todos os cidadáns a unha vivenda, en especial para aquelas persoas con maior dificultade á hora de acceder a



un fogar. Balseiro animou ás familias que poidan estar interesadas en beneficiarse deste tipo de apoios a inscribirse no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Xunta de Galicia, un procedemento gratuito, áxil e transparente no que se garante a igualdade de posibilidades no acceso ás vivendas dos demandantes inscritos. O Rexistro pretende ser un instrumento válido e veraz para ter datos fiables sobre a demanda real de vivendas protexidas en cada localidade.

Galicia

Redacción OURENSE

Comezaron as actividades da LV Festa do Pulpo do Carballiño

Durante quince días, do 28 de xullo ao 13 de agosto, O Carballiño ofrece un amplo programa de actividades culturais, deportivas e de ocio para dinamizar a LV Festa do Pulpo. O programa foi presentado polo alcalde, Francisco Fumega, e os concelleiros de Cultura e Turismo, Diego Fernández e José Manuel Dacal, respectivamente.

As actividades comezaron cunha andaina nocturna aos petroglifos de Cangues e rematarán co concerto do grupo de música pop “La Unión”, o venres 12 de agosto. Entremedias sucederán concertos como os de Músicas de

Sofá o venres e sábado 4 e 5 de agosto; Os Coribantes co grupo de pandereiteiras Maianas e Manuele de Felisa, o luns 7; Budiño e Mercedes Peón, o mercores 9, e o Festival Folclórico Internacional, o xoves 10. Asemade, a Tapa de Pulpo máis grande do mundo, que será o martes 8, e outras actividades deportivas e de animación de rúa que se desenvolverán polos barrios.

O domingo 30 de xullo comezou Xociviga 2017, cunha semana de proxeccións de cine no auditorio, exposicións e publicacións de interese cinematográfico. Nesta edición a Festa do

Pulpo renderá homenaxe a La Región Internacional polo 50 aniversario, e a Julio Gómez e a súa dona Lurdes Masid, xeadeiros de “La Ibense”.

Poboación e turistas


Francisco Fumega resaltou a diversidade e calidade dos actos que se desenvolverán durante este tempo de verán no que O Carballiño duplica a poboación e se incrementan significativamente o número de turistas. Diego Fernández tamén se referiu ao carácter aberto do programa, pensado para todos os públicos e co obxectivo de atraer a moitos visitantes, segundo dixo. José



Alcalde e concelleiros na presentación do programa.

Manuel Dacal centrouse na semana grande, que comezará coa banda de música popular Os Coribantes e rematará co gran concerto na Praza Maior do grupo “La Unión”, así como a xornada do sábado dedicada ás peñas das camisetas, a emisión en directo

do programa da TVG “Aquí Galicia”, e o propio día da Festa do Pulpo, o domingo 13 de agosto, coa romaría no parque municipal. A Banda de Gaitas de Xixón será o grupo invitado nesta ocasión. E o fin de festa correrá a cargo de Pili Pampín.



O monumento á emigración foi restaurado

O monumento á emigración “Muntem” recupera a cor que lle caracteriza ás planchas de cobre con que está recuberto, tras unha exhaustiva limpeza con chorros de area. O monumento, creado polo artista Xesús Carballido e que participou na supervisión da restauración, recomendando o tipo de area que debía utilizarse para a limpeza, ofrece un aspecto semellante a cando se instalou no ano 2003. Se ben en 2014 levouse a cabo outra limpeza, a resina utilizada tras da aplicación do chorro de area diulle un aspecto verdoso que esmoreceu aínda máis co paso do tempo, sendo practicamente imposible distinguir os gravados das planchas de cobre. Nesta ocasión, tras os chorros de area efectuouse un lixado mecánico e outro



O monumento á emigración recén restaurado.

manual con esponxa de rocha. Finalmente, díuselle unha capa de barniz para evitar que a humidade poña as placas verdosas outra vez. A restauración foi promovida pola concellería de Medio Ambiente, que ven de realizar tamén a limpeza do exterior da Praza de Abastos e do Auditorio Municipal, co obxectivo de mellorar a imaxe destes edificios públicos.

Carballiño estará no Filandón do Courel

O Concello do Carballiño acolleu a presentación do XX Filandón de Músicas do Courel, festival creado polo director da Real Banda de Gaitas da Deputación, Xosé Luís Foxo, e que xa foi declarado de evento de interese turístico e cultural. Foxo estivo acompañado na presentación polo alcalde da vila, Francisco Fumega e pola alcaldesa de Folgoso, Lola Castro, así como os concelleiros de cultura e tu-

rismo da vila, Diego Fernández e José Manuel Dacal respectivamente. O festival celebrarase o domingo seis de agosto e servirá de homenaxe ao brindador maior da serra Antonio Río Montero. A vila do Carballiño atoparase representada pola Coral do Carballiño, que interpretará A pulpeiriña do Arenteiro, nunha xornada festiva onde tamén se homenaxeará ao historiador carballinés Felipe Senén.

No Novo Barrio da Residencia de Lugo investiranse 21 millóns de euros

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou que en outubro se licitarán os proxectos básico e de execución para o Centro Integral de Saúde, o centro de formación e emprego, o centro de emprendemento vinculado ao sector aeronáutico e a planta de distribución de biomasa, algunhas das instalacións coas que contará o Novo Barrio da Residencia de Lugo. En total, o proxecto contará cun investimento inicial de 21 millóns de euros. Ademais, deixa a porta aberta e reserva un espazo para a instalación dunha nova comisaría de policía, para o que se está dialogando co Ministerio do Interior. O presidente recalcou que un proxecto así, de “enorme calado urbanístico, social, económico e para os servizos públicos”, só é

posible grazas a que “a economía cambiou o seu signo”.

Feijóo asinou xunto á ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez, un protocolo para a reasignación dos usos do antigo hospital Xeral, que é da titularidade da Seguridade Social, cuxos máximos responsables se desprazaron tamén ata Galicia. Por iso, o presidente da Xunta agradeceu o “máximo compromiso” da ministra e do seu equipo e destacou que este proxecto é froito da colaboración entre as administracións estatal e autonómica.

O presidente describiu “algún dos aspectos máis innovadores” do proxecto, que inclúe servizos sociosanitarios, un pulmón verde e servizos de fomento do emprendemento e do emprego. Respecto ás dotacións de uso

sanitario e social, puxo en valor os servizos do futuro Centro Integral de Saúde, que contará cun moderno centro de atención primaria, servizos de fisioterapia e atención á muller, un Punto de Atención Continuada, atención á saúde mental e a base do 061. Ademais, o Novo Barrio da Residencia incluírá unha nova residencia de maiores con 120 prazas públicas e que xerará 75 novos postos de traballo, en cumprimento dun dos compromisos electorais coa cidade de Lugo.

Pulmón verde, innovación e formación

Feijóo referiuse ao novo parque público que se situará neste recinto e que fará desaparecer a “muralla” que antes supuña o recinto onde estaba o Xeral e que dividía en dous o barrio da Residencia. Ademais, o Novo Barrio da



O presidente da Xunta coa ministra de Emprego e Seguridade Social.

Residencia contará tamén cunha “planta de distribución de enerxía limpa con petróleo galego: con biomasa”. Grazas a esta instalación, todos os edificios poderán cumprir cos estándares europeos de emisións cero á atmosfera.

Por último, o espazo do vello Xeral tamén acollerá un Centro Público de Innovación e unha Oficina de Emprego e Forma-

ción. O primeiro, outro dos compromisos electorais para a cidade, estará vinculado ao sector aeronáutico e buscará sinerxías co polo de avións non tripulados de Rozas. O segundo concentrará os servizos que ofrecían todas as oficinas de emprego de Lugo, converténdose nun “centro de creación de oportunidades laborais”.

Novo pleno do Consello Regulador Ribeira Sacra

Celebrouse a sesión constitutiva do novo órgano de goberno do Consello Regulador de Denominación de Orixe Ribeira Sacra. A sesión estivo presidida por Belén María do Campo Piñeiro, directora Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Alimentarias. Os vogais electos que tomaron posesión do seu cargo foron: Rogelio Díaz Mariño, vogal sector produtor Censo/subcenso A1. Víctor Manuel Rodríguez López, vogal sector produtor censo/subcenso A2. Roberto Regal López, vogal sector produtor censo/sub-

censo A2. Juan Carlos Varela Aguiar, vogal sector produtor censo/subcenso A2. Pedro Manuel Rodríguez Pérez, vogal sector produtor censo/subcenso A3. Carlos Losada Díaz, vogal sector produtor censo/subcenso A3. José Manuel Rodríguez González, vogal sector industrial censo/subcenso B1. Adegas e Viñedos Lareu S.L., representada por Manuel Primitivo Lareu López, vogal sector industrial censo/subcenso B1. Adegas Cachín S.C., representada por César Enríquez Diéguez, vogal sector industrial censo/subcenso B2. Val de

Quiroga S.L., representada por Manuel Gómez Guntiñas, vogal sector industrial censo/subcenso B3. Adegas Reitoral de Amandi S.A.U., representada por Antonio Vide Paez, vogal sector industrial censo/subcenso B3. Adegas Moure S.A., representada por Evaristo Rodríguez López, vogal sector industrial censo/subcenso B3. Por unanimidade o novo pleno elixiu como presidente a José Manuel Rodríguez González e como vicepresidente sector produtor a Juan Carlos Varela Aguiar e a César Enríquez Diéguez como vicepresidente sector



Membros do Consello Regulador Ribeira Sacra.

elaborador. O presidente leva no cargo desde 1995, data de consti-

tución do consello pero xa desde 1991 dirixiu o órgano rector.

a Feira *e pulpe de bricos en Ourense*

BEATO SEBASTIÁN APARICIO, 4 - A PONTE - 32001 OURENSE • T.988 686 628



Sober aproba un orzamento de máis de 2,5 millóns de euros

O Goberno local do Concello de Sober aprobou o orzamento municipal para o ano 2017, que ascende a 2.551.561.90 euros. A proposta contou cos votos a favor do equipo de Goberno, sete edís do PP, e a abstención dos grupos da oposición (dous edís do PSdG e dous de Agroma Sober). O alcalde, Luís Fernández Guitián, explica que se trata dun orzamento “completamente aberto” no que prima o gasto social, ao que se destinan máis de 500.000 euros e os investimentos, para os que hai consignados 900.000 euros. Un ano máis amplíase a dotación para a axuda no fogar, ao mesmo tempo que se incrementa a dotación para axudas ao transporte universitario. O orzamento recolle unha partida para emerxencia social e outra para fomento do emprego con axudas directas para novos emprendedores.

Investimentos

O rexedor municipal remarca especialmente o capítulo de investimentos, no marco do cal se destinan máis de 400.000 euros para auga e saneamento. Un dos investimentos máis salien-



Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober.

tables son os 100.000 euros para adquisición de inmobles que se van destinar a vivendas de aluguer e os baixos para centro de emprendemento, pensado principalmente en talleres de artesanía. O Goberno local investirá 25.000 euros na compra e posta en valor dun terreo na zona arqueolóxica de Proendos. O orzamento tamén contemplan a construción dun novo miradoiro no lugar de A Pena do Conde na desembocadura do Cabe no Sil, preto de A Barca, para o que se contará cunha axuda de Turismo de Ga-

licia. Nas contas aprobadas onte o Goberno local contempla unha suba na achega aos equipos de fútbol locais chegando a 2.000 euros a cada un deles. O orzamento inclúe tamén partidas de gasto propias para mantemento de depuradoras do rural ou mantemento de recursos turísticos, entre outras.

As taxas e prezos públicos mantéñense, non sofren ningunha suba. Así, o prezo será o mesmo que o pasado ano para a gardería, escola de música, lixo, auga, saneamento, entre outros.

Observatorio ornitológico en Sober

O Concello de Sober conta cun novo recurso turístico no Canón do Sil, un observatorio ornitológico que vén de ser instalado na parroquia de Bolmente, a douscentos metros do miradoiro do Boqueiriño. A zona esta incluída entre as máis importantes de Galicia para a observación de aves. Así, a páxina de Turismo de Galicia (http://www.turismo.gal/que-facer/birding-in-galicia/onde-ver-aves-en-galicia/canons-e-vales-fluviais/canon-do-rio-sil?langId=gl_ES) inclúe o Canón do Río Sil como un dos lugares de aves entre rochas, bosques e viñedos. Nela recomendan ata cinco roteiros, tres deles exclusivos por Sober, dos que explican “os cantís e as penedías, alzándose imponentes desde o río Sil, os bosques misteriosos, os esgrevios viñedos, cultivados en socacos desde tempos inmemoriais, conforman en conxunto un dos espazos paisaxísticos máis singulares de Galicia e acollen, ademais, un bo número de atractivas especies”.

Dez mil euros

O observatorio conta con paneis interactivos e explicativos

nos que se ofrece información dunha decena de aves que se poden contemplar desde o seu interior, entre elas a aguija real. O Goberno local completou os traballos de instalación do observatorio coa axeitada sinalización para poder achegarse a este novo enclave turístico, con especial interese para os amantes das aves e tamén da fotografía, posto que as vistas que ofrece son espectaculares. O observatorio está situado a 700 metros de altura, nunha zona de especial interese ornitológico.

“O alcalde, Luís Fernández Guitián, destaca a importancia do turismo de observación da natureza, posto que cada vez “move a máis xente, o que traerá novos visitantes a Sober”, explica. A actuación foi feita por iniciativa do Concello de Sober e contou cunha axuda da Dirección Xeral para a Conservación da Natureza. O investimento total foi de 10.000 euros con cargo aos fondos FEADER. Ademais do observatorio de aves e da sinalización, o orzamento destinouse tamén o acondicionamento do sendeiro de acceso.

Melloras na rede hidráulica

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio licitou obras que permitirán dotar de saneamento e depuración aos núcleos de Ferrón, A Igrexa e O Pinar, situados na parroquia de Bolmente (Sober). Na actualidade, estes núcleos só dispoñen de rede de abastecemento, pero non de saneamento. Coas actuacións licitadas solucionarase esta situación ao proporcionar un sistema de depuración axeitado para estas poboacións. O proxecto recolle a definición dun sistema de saneamento completo mediante a execución dunha rede de saneamento e a instalación dun sistema de depuración de augas residuais. Prevese tamén a conexión á rede nun futuro dos núcleos de Cacedo e As Chouselas. Así, a rede de saneamento terá unha lonxitude de máis de



Beatriz Mato, conselleira de Medio Ambiente co alcalde, Luís Guitián.

dous quilómetros e tamén contará con ramais secundarios cunha lonxitude de máis de 1.900 metros.

Tamén se prevé a construción dunha nova estación depuradora de augas residuais que estará dimensionada para unha

capacidade de 120 habitantes equivalentes, que contará con aliviadoiro, arqueta con reixa de desbaste, decantador-dixestor, leito bacteriano e clarificador secundario. O importe de licitación desta actuación é de case 385.000 euros.



Observatorio de aves na parroquia soberina de Bolmente.



**GASOLEOS
TEA**

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



O proxecto europeo Poctep “Risc Miño-Limia” está en marcha



Membros do Comité de Xestión do proxecto.

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), convocou, como beneficiario principal do proxecto Poctep RiscMiño-Limia, a reunión constitutiva do Comité de Xestión como órgano de decisión, recepción e emisión da información do proxecto e do Grupo de Traballo Conxunto que coordinará a planificación, distribución e execución das accións do proxecto e que será dirixido polo director de proxecto, nomeado nesta primeira reunión a proposta do beneficiario principal. A entidade promotora do proxecto, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, conta como socios coas Universidades de Vigo e de Porto e a ARH Norte, organismo de conca do norte de Portugal.

Este proxecto “Risc Miño-Limia”, aprobado pola Unión Europea o pasado 5 de maio, ten como obxectivo o deseño dun conxunto de medidas orientadas á preparación, prevención e unha mellor xestión da demarca-

ción hidrográfica internacional do Miño-Limia, encamiñadas a mitigar os efectos dos fenómenos extremos - inundacións ou secas-, todo iso co ánimo de mellorar na xestión dos recursos naturais tendo en conta a necesaria adaptación ao cambio climático. Coas actuacións previstas conseguirase un maior coñecemento da demarcación hidrográfica internacional Miño-Limia, a todos os niveis e especialmente a nivel hidrográfico, e melloraranse os mecanismos de xestión existentes en relación á identificación e xestión de secas na demarcación hidrográfica internacional con metodoloxías comúns.

Demarcación

Por outra banda, establece-rase un novo sistema de alerta temperá que permita avaliar fidedignamente o perigo e o risco real de inundación na demarcación, mediante modelos hidrometeorolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, tanto determinísti-

cos como probabilísticos. E poderase coñecer a futura evolución da distribución, a longo prazo, dos recursos hídricos en cada demarcación, atendendo para o efecto do cambio climático. Preténdese, por tanto, contribuír a un mellor coñecemento da Demarcación Hidrográfica Internacional das concas dos ríos Miño e Limia, de acordo co principio de unidade de conca e co establecido na Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, en relación coas demarcacións hidrográficas internacionais e os plans hidrolóxicos únicos.

Con este proxecto, cuxo orzamento ascende a 2.335.283 euros, preténdese mellorar as condicións de vida de máis de un millón de habitantes das demarcacións internacionais dos ríos Miño e Limia.

O núcleo urbano de Maceda será acondicionado

A Xunta de Galicia mellorará tres vías de acceso ao núcleo urbano de Maceda por valor de 111.000 euros, que se distribuirán en dúas anualidades: 48.000 en 2017 e 63.000 en 2018. O acordo foi referendado pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, e o rexedor local, Rubén Quintas, a través dun convenio de colaboración.

Deste xeito, unha vez licitadas e adxudicadas, as obras, que se realizarán a cargo do Plan Hurbe, poderán comezar a finais deste ano e estarán concluídas no primeiro trimestre de 2018. En total, suman preto de 300 metros de longo, nos que se dará prioridade á seguridade viaria e á mellora dos servizos de recollida e tratamento das augas residuais. Así, concretamente na Rúa da Pena, de 87 metros de longo, botarase unha nova capa de 15 centímetros e, no centro, colocaranse lousas de granito

moreno, mentres que nos extremos instalárase adoquín deste mesmo material. Ademais, as baixantes que agora verten directamente na rúa serán debidamente canalizadas e construírase un colector con tres pozos de rexistro. Por outro lado, esta vía conta cunha forte pendente, na súa entrada desde a OU-104, polo que se subirá a rasante.

Este proxecto contempla, tamén, actuacións na parte máis antiga do núcleo de Maceda, particularmente, a parte que conforman as rúas da Cruz e Perigo, que disporán dun novo pavimento ao mesmo estilo ca anterior. Por último, recupérase un camiño peonil coñecido como Travesía do Buratiño, que se atopa máis afastado do centro urbano e, polo tanto, con menos tránsito. Deste xeito, será pavimentado de novo, pero, neste caso, coa aplicación de materiais máis acordes coa contorna e os seus usos.



Beatriz Mato con Rubén Quintas.

Deputación retira a medalla de ouro outorgada a Franco hai 60 anos

A Deputación de Ourense retirou o 28 de xullo de 2017 a medalla de ouro da provincia outorgada a Francisco Franco en xullo de 1957. “A pesar de Baltar presume de ser o campión da democracia e o defensor máximo da provincia, tivo que ser o PSdeG-PSOE o que propuxo esta iniciativa tras investigar, polo miúdo, no arquivo da Deputación ata atopar as

actas nas que se da conta da concesión ó ditador da primeira medalla de ouro de Ourense,” di o PSdeG nun comunicado de prensa posterior a sesión. A retirada desta honra foi adoptada co voto afirmativo de todos os grupos da corporación e, a petición dos socialistas. O pleno gardou un minuto de silencio en honra ás vítimas do golpe de estado e da posterior ditadura.

Durante o pleno, o portavoz provincial dos socialistas, Francisco Fraga, explicou que “as institucións públicas deben ter un posicionamento claro de condena do golpe de estado, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de persoas durante aqueles anos”. Fraga concluíu que “non hai mellor maneira de amosar ese compromiso das institucións de xeito público que



Sesión plenaria na Deputación o 28 de xullo de 2017.

retirar o meirande recoñecemento institución ó máximo responsable que se pode outorgar dende esta da ditadura fascista”.

A Confederación Hidrográfica acondiciona o río Barbaña

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo autónomo dependente do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA), inicia os traballos de restauración hidrolóxico-forestal do río Barbaña, ao seu paso pola cidade de Ourense. O presidente da CH do Miño-Sil, Francisco Marín, e o alcalde da Ourense, Jesús Vázquez, visitaron a zona de actuación no río Barbaña no tramo urbano de Ourense. Esta actuación está incluída en Encomenda de Xestión de "Restauración hidrolóxico forestal e mellora da conectividade en canles das concas dos ríos Miño e Limia na provincia de Ourense" nas que o organismo de conca investirá máis de 250.000 euros.

Executaranse traballos en distintos tramos dos regachos dos Muíños, Vistahermosa, Valdorregueiro e do Cano e nos ríos Lonía e Porto en Ourense e no Barbaña (tramo de Ourense e de San Cibrao das Viñas), nun total de 14 quilómetros de canle. O investimento previsto para ambos os municipios ascende a 125.000 euros.

Actuacións previstas

Na inspección previa realizada comprobouse unha importante presenza de vexetación arbustiva, exceso de matogueira e maleza acumulada, ademais de árbores secas, caídos no leito do río, así como, restos de plásticos, botellas e demais residuos sólidos urbanos. A programación dos traballos realizouse atendendo á problemática concreta da zona e para iso estanse reali-



Francisco Marín co alcalde Jesús Vázquez.

zando tratamentos silvícolas, mediante rozas puntuais da vexetación existente eliminando o exceso de matogueira e a maleza acumulada nalgunhas zonas, co obxectivo principal de mellorar a capacidade de desaugadoiro e de acondicionar a banda de vexetación, tanto en densidade como en estrutura.

Programáronse, ademais, podas selectivas sobre o estrato arbóreo, apeando os pés claramente dominados ou decrepitos e respectando en todo momento as especies arbustivas autóctonas e procederase á retirada manual ou mecanizada de árbores caídas e susceptibles de caer ao leito do río, que puidesen obstruír a canle e provocar desbordamentos ou erosión dos noiros.

Os restos de vexetación retirados, serán triturados salvo os máis grosos que se ofrecerán aos veciños para uso doméstico ou, no seu caso, serán transportados a un vertedoiro autorizado, a retirada dos residuos que poidan estar acumulados en ambas as marxes, cascallos, residuos sólidos

urbanos e chatarra, entre outros, serán separados pola súa natureza e transportaranse a xestor autorizado.

O obxectivo, por tanto, é mellorar a estrutura da vexetación de ribeira e a continuidade longitudinal da canle para recuperar a sección de evacuación orixinal do mesmo, co ánimo de minorar ou eliminar os efectos nas infraestruturas e leiras lindoiras durante as inundacións por avenidas extraordinarias.

Conseguirase, por tanto, establecer o equilibrio dinámico dos ríos e a restauración e mellora do ecosistema, co mínimo impacto ambiental negativo sobre a fauna e a flora autóctonas, todo iso co ánimo de favorecer o uso social da contorna. Estas actuacións en Ourense cuxa duración se estima en 6 meses, son realizadas por unha brigada composta por unha cuadrilla forestal de 6 operarios, que realizan o seu labor, fundamentalmente, por medios manuais e coa maquinaria adecuada compatible coa zona de actuación.

Porto e Norte, Centro, Sur e Azores, estarán en Termatalia

Situar internacionalmente a Porto e Norte como un destino de benestar onde a oferta dos seus numerosos centros termais combínase con spas de luxo que ofrecen ao viaxeiro unha experiencia integral e única na que os beneficios da auga combínanse coas súas atractivas paisaxes e gastronomía. Este é o obxectivo que a Entidade de Turismo Porto e Norte de Portugal persegue na súa participación na próxima edición de Termatalia que se celebra en Ourense (Galicia-España) os días 21 e 22 de setembro.

Para dar a coñecer as vantaxes e oportunidades que ofrece a Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, a entidade de Turismo Porto e Norte organizou unha presentación de Termatalia ante representantes de cámaras municipais da rexión, de empresarios do sector hostaleiro e de medios de comunicación. Tivo lugar no Porto Welcome Center e correu a cargo do director da feira, Alejandro Rubín, acompañado pola directora de Porto e Norte, Isabel de Castro. Esta última fixo referencia a que a feira permite promocionar internacionalmente a esta rexión como "un destino de emocións". A esta presentación, coordinada polo delegado de Termatalia no Norte de Portugal, Antonio García, acudiron empresarios do sector da restauración de Porto, Braga e Vila Real; concelleiro de turismo de Póvoa de

Varzim; Hugo Marcos, director do Festival de Cinema Turístico Art & TUR e medios de comunicación especializados en turismo.

A Entidade de Turismo Porto e Norte, principal socia estratéxica de Expourense en Portugal, volve confiar en Termatalia e estará presente en todas as accións profesionais e de negocio da feira xa que Alejandro Rubín, propúxolle a Isabel de Castro a posibilidade de incluír a un cocineiro desta rexión na área de Alimentación Saudable, un reto que seguro aceptarán, xa que un dos puntos fortes no seu turismo é a gastronomía. Nesta área xa está confirmada a participación de cocineiros galegos e de varios países de América Latina.

Participación de Portugal

Portugal, de norte a sur, será un dos países que participen en Termatalia para situarse internacionalmente como destino de saúde. Ademais da Entidade de Turismo Porto e Norte, tamén confirmou a súa presenza a Eurocidade Chaves-Verín que tamén promocionará as súas augas dentro do Bar de Augas da feira. A rexión Centro tamén estará presente de forma conxunta con Termas do Centro que integran a 22 estancias termais do país entre as que destacan Sao Pedro do Sul ou Caldas da Rainha. Tampouco faltarán á súa cita áreas termais do Sur do país como termas de Monchique e da área insular, coa presenza das Illas Azores.



Presentación de Termatalia en Porto.

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

Termatalia presentouse en Buenos Aires

Na sede bonaerense da Federación Empresarial Hostaleiro Gastronómica da República Arxentina (FEHGRA) presentouse Termatalia 2017. O director da Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, Alejandro Rubín, adiantou a empresarios do sector e medios de comunicación as novidades da próxima edición que se celebrará os días 21 e 22 de setembro en Ourense e na que Arxentina, como xa é habitual, xogará un papel destacado.

Asistiron ao acto a presidenta de FEHGRA, Graciela Fresno; o presidente da Cámara Arxentina de Turismo, Óscar Ghezzi, o ministro de Turismo de Entre Ríos, Adrián Fortes e a agregada comercial da Embaixada de España en Arxentina Pilar Graza Morais, o vicepresidente de FEHGRA Claudio Aguilar e delegados de provincias termais.

Arxentina en Ourense

Na presentación confirmouse a participación en Termatalia 2017 dunha delega-

ción de FEHGRA integrada por unha trintena de empresarios do sector termal e delegados das provincias termais. Participarán cun programa formativo especial que lles levará a realizar distintas visitas aos centros termais de Galicia e do Norte de Portugal e a realizar algún dos cursos de capacitación profesional organizados para esta edición. FEHGRA é un dos principais partners de Termatalia en Arxentina. Representan a toda a actividade hostaleira e gastronómica e agrupan a máis de 50.000 establecementos gastronómicos e hostaleiros de todo o país, nucleados en 63 filiais.

O Ministerio de Turismo da Nación Arxentina ha confirmado tamén a súa presenza en feira co obxectivo de situarse como un dos países con maior potencial no desenvolvemento do termalismo de América Latina. Despois de exercer de anfitrión de Termatalia 2014, celebrada en Termas de Río Fondo, Arxentina continuará co seu



Acto de presentación en Buenos Aires de Termatalia 2017.

papel protagonista e participará na próxima edición presentando os seus recursos termais ante profesionais dunha trintena de países.

A presenza de Arxentina como país correrá a cargo do Instituto Nacional de Promoción Turística, INPROTUR, e será reforzada pola participación doutros destinos e empresas deste país como exposi-

tores, como é o caso de FEHGRA e de Santiago do Estero, Neuquén e Entre Ríos que participarán de forma individualizada. A presenza completárase coa participación de operadores de turismo e relevantes relatores do país que presentarán as particularidades do termalismo arxentino dentro do Encontro Internacional sobre Auga e Saúde.



 @Termatalia

17ª Feria Internacional del Turismo Termal, Salud y Bienestar
21-22 de Septiembre de 2017
Ourense - Galicia - España

20: Symposium
21: Feria / Symposium /
Encuentro Internacional / Workshop
22: Feria / Encuentro Internacional / Workshop
23: Rutas Termales

Solicita tu
**ACREDITACIÓN
PROFESIONAL** en
www.termatalia.com

Termatalia

El centro de negocios internacional para los profesionales del turismo

www.termatalia.com

ORGANIZA



PARTNERS









Colaboración entre administracións



O conselleiro de Política Social no seu encontro co alcalde de Muíños.

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, reuniuse co rexedor do Concello de Muíños, Plácido Álvarez Dobaño, co obxectivo de afondar nas liñas de colaboración entre administracións para garantir o benestar da veciñanza. Ambos mandatarios fixeron un repaso dos principais recursos sociais cos que conta a localidade, entre os que destacan o Servizo de Axuda no Fogar, que ofrece 9.768 horas anuais de atención aos veciños e veciñas deste concello ourensán. No que atinxe ao mapa de infraestruturas locais, Muíños

conta cunha residencia para persoas maiores en cuxa construción colaborou a Xunta e que na actualidade conta con trinta prazas no centro de día e outras carenta residenciais.

Así mesmo, no ámbito da conciliación e do benestar dos nenos e nenas, a Xunta xestiona a escola infantil unitaria da localidade, que conta cunha unidade e vinte prazas. Rey Varela e Álvarez Dobaño acordaron seguir estudando posibles novas vías de colaboración entre a administración autonómica e a local para mellorar e ampliar os servizos de atención aos veciños de Muíños.

A Xunta estuda a situación dos servizos sociais en Manzaneda

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, reuniuse co alcalde de Manzaneda, Félix Domínguez Cortiñas. A entrevista, que tivo lugar en San Caetano, serviu para abordar a situación dos servizos sociais prestados pola administración autonómica nesta vila da provincia de Ourense. No que respecta á área de familia e infancia, Manzaneda conta desde o ano pasado coa casa niño O Bicarelo, un recurso orientado a atender as necesidades de conciliación das familias e que foi concebido pola administración autonómica para favorecer a igualdade no acceso aos servizos con independencia do lugar de residencia.

As casas niño ofrecen unha atención integral e personalizada con carácter gratuíto na modalidade de atención diurna de lúns a venres e as familias po-



José Manuel Rey Varela con Félix Domínguez Cortiñas.

derán levar aos nenos e nenas un máximo de oito horas diarias. A atención prestada comprende a atención específica das necesidades básicas de alimentación, hixiene e descanso de acordo coa idade e a contribución ao desenvolvemento físico, motor, afectivo, intelectual e social do neno ou nena. Tamén no eido das persoas maiores, a Consellería de Política Social oferta 5.148 horas anuais para o Servizo de Axuda no Fogar en Manzaneda.

Impulso ás infraestruturas rurais e a ordenación do pastoreo en Viana do Bolo

A conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, recibiu ao alcalde de Viana do Bolo, Secundino Fernández, con quen tratou diferentes cuestións relativas á mellora do agro neste concello ourensán. O impulso ás infraestruturas rurais e o fomento e ordenación do pastoreo neste municipio centraron a xuntanza de traballo. Así, en materia de infraestruturas, a conselleira e o rexedor acordaron continuar impulsando o acondicionamento e mellora da Oficina Agraria Comarcal, co fin de optimizar os diferentes servizos que se ofrecen aos agricultores e gandeiros da zona nestas instalacións.

Tamén neste eido avaliaron as achegas da consellería para a renovación de camiños rurais de titularidade municipal. Este ano Medio Rural destinará un total de 69.701,81 euros para estes labores no devandito concello. Será dentro do plan de acondicionamento de vías elaborado por este departamento da Xunta para mellorar a calidade de vida dos veciños, propiciar a cohesión territorial e fixar poboación no rural.



Secundino Fernández con Ángeles Vázquez.

Pastoreo

Con respecto ao fomento do pastoreo, Ángeles Vázquez e o alcalde avanzaron na posta en marcha do plan elaborado pola consellería para a ordenación e posta en valor deste aproveitamento en toda a zona do macizo central ourensán, que beneficiará a diferentes concellos, entre eles o de Viana do Bolo. O principal obxectivo desta iniciativa é a ordenación silvopastoril, racionalizando o aproveitamento do monte e evitando tanto as cargas excesivas ou insuficientes como o seu abandono. Trátase, ademais, dun método eficaz para o control da vexetación arbus-

tiva e, xa que logo, para a prevención dos incendios forestais.

Este plan de pastoreo aplicárase entre este ano e o vindeiro, empezando por realizar unha radiografía da situación dos pastos, a estrutura e distribución do gando no monte e as necesidades en canto a terreos e infraestruturas como peches. A partir desta análise pormenorizada levarase a cabo unha regularización da actividade buscando harmonizar os intereses de todos os implicados, fundamentalmente gandeiros e titulares dos terreos, cos que se consensuará, en todo momento, a posta en marcha do plan.

Política Social analiza as inquedanzas da Peroxa

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, recibiu ao primeiro edil do Concello da Peroxa, Manuel Seoane Rodríguez. A cita, que se desenvolveu no despacho do conselleiro en San Caetano, permitiu abordar a posibilidade de poñer en marcha novas liñas de colaboración neste eido co obxectivo de "mellorar o benestar dos galegos e das galegas, principalmente, daqueles que máis o precisan", afirmou Rey Varela ao remate da xuntanza.

Así as cousas e no que respecta á área de familia e infancia, ambos mandatarios coincidiron en subliñar a excelente ratio de atención que presenta o concello ourensán, grazas ao servizo que presta o Punto de Atención á Infancia (PAI) municipal e para o que a Xunta de Galicia achega cada ano 9.000 euros.



José Manuel Rey Varela e Manuel Seoane Rodríguez.

Mentres, no eido das persoas maiores, a Consellería de Política Social oferta 793 horas anuais para o Servizo de Axuda no Fogar que permiten que a ratio de cobertura se sitúe no 96%. E, ao fio, Rey Varela e Seoane Rodríguez puxeron enriba da mesa a posibilidade de ampliar a colaboración das dúas institucións co fin de mellorar os recursos asistenciais que se ofertan para os veciños e veciñas da Peroxa, unha posibilidade que se comprometeron a analizar.

Salceda realiza o pago aos expropiados polo Parque Raíña Aragonta

O mesmo Parque Raíña Aragonta foi o escenario no que o Alcalde de Salceda, Marcos Besada, asinou en presenza dos propietarios e propietarias expropiados/as as transferencias que por fin van poñer punto final a este longo proceso, e que converte o pagamento do adebedado nunha realidade a partires de hoxe mesmo.

O Equipo de Goberno ao completo arroupou ao Alcalde no acto de sinatura, no que estiveron presentes todos os afectados e afectadas xunto cos seus avogados, agás o Obispado Tui-Vigo que preferiu non asistir ao acto a pesares de ser o maior beneficiario da expropiación.

No ano 2005, coa expropiación dos terreos para o Parque Raíña Aragonta, sete propietarios non aceptaron os 24,04 €/m2 que lles ofreceu o Concello e recorreron ao xustiprezo, que lles recoñeceu



201,06 €/m2, ratificado despois polo TSX de Galicia no ano 2013.

Dende aquela, o novo Goberno do Concello leva afrontado xa o pago de 454.203,98 €. As últimas sentenzas do TSX obrigaban ao Concello a facer pagos en curtos períodos de tempo, o que poría en perigo a estabilidade orzamentaria do Concello, podendo causarlle serias

dificultades á hora de manter servizos básicos para a cidadanía, polo que no pasado mes de marzo o Pleno do Concello aprobou a solicitude dun préstamo de 789.723,63 €, que permitiu que dunha vez por todas os/as propietarios/as poidan cobrar o que se lles debe, unha vez que os datos económicos do Concello permitiron por vez primeira realizar esta operación.

Salceda acomete un Plan Integral de limpeza de beirarrúas e espazos públicos

O Concello de Salceda de Caselas, a través das Concellaría de Vías e Obras e Turismo que dirixen Miguel González e Loli Castiñeira respectivamente, ven de poñer en marcha un Plan de Limpeza de beirarrúas e espazos públicos no casco urbano do municipio.

O Plan, que comezou coa limpeza da Praza do Concello, exténdese agora ás rúas humanizadas e aos espazos recuperados como a praza do mercado de abastos, e calcúlase que se extenderá en

torno a un mes para deixar listas as principais rúas do casco urbano.

O Concello dá resposta así ás peticións recibidas por diversos veciños e veciñas neste senso, traballando para que as rúas da vila ofrezan a súa mellor cara a veciños e visitantes.

Inciden dende o Concello na campaña posta en marcha para o control das defecacións dos cans; campaña que está a dar bos resultados, e grazas á cal cada vez son menos os propietarios/as de mascotas que non recollen os excrementos dos animais.



A UNED aproba o aula en O Porriño

A Xunta Reitora da Universidade Nacional de Educación a Distancia, presidida por Carmela Silva e reunida o día 19 en Pontevedra, aprobou a posta en marcha dun Aula da UNED no concello do Porriño.

En concreto, tal e como asegurou Silva, "trátase dun aula que impulsamos co apoio do propio Concello e da Confederación de Empresarios e vén a sumarse ás tres aulas que o Centro Asociado ten xa en funcionamento en Vigo, Portas e Tui".

O pasado 16 de marzo a alcaldesa, Eva García de la Torre, xunto coas concelleiras de Educación, Lourdes Moure, de Emprego, Soledad Girón, a voceira do Grupo Municipal de Non Adscritos, Sabela Landín, e o presidente dos empresarios do Polígono de A Granxa, Indalecio Cuevas, mantivera unha entrevista coa directora da UNED de Pontevedra, Beatriz Rodríguez, para tentar de traer a O Porriño a devandita aula.

Unhas semanas máis tarde,

o Pleno do Concello aprobou, a petición da concelleira de Educación, instar á dirección da Universidade Nacional de Educación a Distancia a que abrise un aula no Porriño, proposta que agora ven de ser ratificada pola Xunta Reitora da UNED.



A alcaldesa cualifica esta decisión coma "histórica", subliña que é "unha nova importantísima para O Porriño", sinala que esta decisión é "froito do traballo realizado dende o Concello neste tempo" e adianta que o Goberno local xa ten "moi avanzado" o estudo da posible sede da Aula da UNED na vila.

Eva García de la Torre manterá, nas vindeiras semanas,

unha xuntanza cos responsábeis da Universidade Nacional de Educación a Distancia para coñecer as necesidades que considera o centro para a apertura desta aula que, asegura, "será un espazo moderno, dotado coas últimas tecnoloxías que garanta unha formación de calidade e responda á demanda das empresas contribuíndo, deste xeito, a seguir diminuíndo o desemprego do Porriño".

A alcaldesa confirma que o primeiro paso será que a Aula da UNED no Porriño imparta os estudos de Acceso á Universidade de Maiores de 25 anos, ao tempo, que o Concello seguirá co seu compromiso de asinar convenios de colaboración cos empresarios dos grandes polígonos industriais da vila, "para deseñar a formación especializada" que teñan que completar as persoas que queiran acceder a empregos de calidade nas firmas radicadas no Porriño de xeito que, ao ano seguinte, sexa posible expor á Universidade Nacional de Educación a Distancia a súa implantación.

A maioría dos participantes no "Porriño Accede" atoparon traballo

O Concello do Porriño presentou no mes de xullo o programa de formación 'Porriño Accede', promovido pola Concellaría de Emprego e Formación que dirixe Soledad Girón, e que é unha iniciativa que, "quere dar resposta ao desexo de combater o desemprego dende unha posición activa, apostando pola formación e coa colaboración das empresas da contorna".

'Porriño Accede' abrangue un proceso de capacitación inicial, dirixido á obtención das competencias profesionais que piden as empresas, complementando as mesmas con prácticas non laborais que teñen coma previsión a empregabilidade.

Soledad Girón subliña que por medio de 'Porriño Accede', "proporcionase unha oportunidade real a colectivos de difícil reinserción laboral pois permite formar a persoas desempregadas en conceptos demandado polas empresas, garantindo, deste xeito, o acceso ao tecido empresarial".

A participación das empresas



A Concellera Soledad Girón

artéllase grazas aos convenios de colaboración asinados pola Concellaría de Emprego e Formación: neste 2017 xa se formalizaron, ata agora, 12 convenios de colaboración nun marco de tres accións formativas, que permitiron que 12 das 15 persoas que participaron na primeira acción empezasen a traballar. Nove delas obtiveron esta oportunidade por medio das prácticas non laborais; coa seguinte formación, foron 6 as insercións laborais e hai previsión doutras 3 no que resta do programa.

Finalmente, na última acción formativa, conquéríronse 9 insercións, tamén de 15 participantes e está previsto completar tres accións en conxunto ao longo deste ano.

Galicia

Redacción PONTEVEDRA

O Concurso de cortadores de xamón consegue atraer a profesionais de toda España

Un dos actos máis importantes que se celebrarán durante a 51 Festa Feira do Xamón que terá lugar en A Cañiza o domingo 15 de agosto, é a IV Edición do Concurso de cortadores de xamón, dirixido polo profesional Víctor Burgos

e que este ano conseguiu atraer a profesionais de toda España.

A dotación dos premios ascende a 1200 euros cun primeiro premio de 500 euros, 2º premio de 300 e un 3º premio de 200 euros. Ademais o mellor prato creativo estará

premiado con 200 euros.

O concurso celebrarase no mesmo emprazamento da Feira do Xamón, na Carballeira do Cacharado de 11h00 a 13h00 e todo o xamón cortado será destinado á venda.



O Cuartel Museo Diego de Giráldez abre ao público os días 6 e 20

O prestixioso pintor Diego de Giráldez abre por onceavo ano consecutivo o seu estudo Cuartel Museo na Cañiza que fai un percorrido polos seus 42 anos de debuxo, pintura, escultura e anatomía.

O museo permanecerá aberto os domingos 6 e 20 de agosto en horario de seis da tarde a nove da noite. Esta edificación, de máis de 1.000 m2 e cinco plantas de altura, está situada en pleno centro urbano e preside a Praza Maior da Vila, aínda que ten a súa entrada por rúa Botica. Para os cañicenses é coñecida como o antigo cuartel da Garda Civil de A Cañiza xa que ata o ano 1990 albergaba as oficinas e vivendas da benemérita na localidade.

Ao longo de 1.500 metros lineais de exposición, os visitantes poderán contemplar, coñecer e admirar a prolífica obra deste pintor de renome, creador do realismo NAS, acepción coa que se coñece a súa pintura e que por méritos propios e polas súas excepcionais calidades alcanzou hai xa anos un posto significativo dentro da pintura contemporánea española e internacional.

O Concello de A Cañiza nomeou ao seu veciño e artista Diego de Giráldez Fillo Predilecto da Vila o pasado 18 de marzo polos seus 42 anos de magnífica obra.





CONCELLO DE
A CAÑIZA

51

FESTA FEIRA DO XAMON DA CAÑIZA

DO 12 AO 15 DE AGOSTO 2017

SABADO 12 AGOSTO

22.30

CONCERTO "MARIA DO CEO"
E GRUPO "ARDENTIA"

DOMINGO 13 AGOSTO

12.30 "ORRADOIRO BOCATA DO XAMÓN" NA RUA ORIENTE

POLA NOITE, VERBENA NA PRAZA MAIOR CON

ORQUESTA "GRAN PARADA"
"GRUPO D' MODA"

LUNS 14 AGOSTO

19.00 CURSO DE "CORTE DE XAMÓN" E "CATA DE VIÑOS" NA RUA ORIENTE

POLA NOITE, VERBENA NA PRAZA MAIOR COAS ORQUESTAS

"MIRAMAR" E "MAGOS"

MARTES 15 AGOSTO

"51 FESTA FEIRA DO XAMON"

11:00. Venda de tickets para adquisición das distintas racións elaboradas con xamón.

11:00. Comezo da competición de especialistas de corte de xamón

12:00 a 13:00. actuación do grupo cañicense de Folk "Os do Cruceiro" na Carballeira do Cacharado.

13:00. Saída e benvida da man do Alcalde de A Cañiza

- Entrega de premios dos concursos de Narración, Pintura e Fotografía

- Entrega de premios aos gañadores do concurso de Cortadores de xamón

- Actuación a cargo do Grupo Folclórico e Banda de Gaitas Santa Cristina de Valdeón.

18:00. Pasarela e actuación na Praza Maior


19:15. Espectáculo de animación infantil na Rúa Oriente

VERBENA NOCTURNA AMENIZADA POLA ORQUESTA M3

E GRAN ACTUACION DE MITIC ESPECTÁCULO

TOUR 2017








O Club Ciclista Ponteareas segue deixando pegada por onde vai

O Xuvenil do Clube Ciclista Ponteareas Brais Gomez Cima, ven de participar coa Selección Galega de Ciclismo na Sexta edición da Txumaren Nazioarteko Hiru Egurak, proba que dura tres días e que reúne aos mellores corredores da categoría cadete de todo o estado e que inclusive participan internacionais, logrando os compoñentes da Selección Galega gañar a citada proba.

Os Cadetes do Clube participaron no XVIII Trofeo Vila de Luou, en Teo A Coruña, onde Manuel Rodríguez logrou gañar a citada proba e tamén o Premio de Montaña, asimesmo Ivan Rodríguez logrou con esforzo e superación gañar a meta volante.

Na mesma proba Miguel Rodríguez da categoría Infantil logrou o tercer posto, corredor que ven de participar nos Campionatos de España de Ciclismo en Idade Escolar.

Os mais cativos do Clube participaron tamén no 1º MiniBtt Concello de Ferrol, no que todos

os rapaces e rapazas, deron o mellor de cada un, sen deixar de disfrutar do ciclismo, que é un dos pilares do Clube, conseguindo na categoría de Prebenxamins Femininos o 2º posto Leire Mariño e na categoría de Promesas Masculinas o 4º posto Aaron Arenas.



O PP dí que Represas só destinou o 10% do prometido a fomentar o emprego

Para o grupo Popular do Concello de Ponteareas, cos datos que lles facilitou o Goberno do peche das Contas do ano 2016 na man a información que viñeron dando nos últimos tempos está mais preto da mentira que da realidade.

Así din ter contrastado como dos tan anunciados 50.000€ para Fomento de Emprego do que o Alcalde votou meses a falar como un dos pilares da súa xestión, tan só destinou a este fin un 10%, é dicir 5.300€, "este foi todo o esforzo con cartos municipais que este Goberno destinou a fomentar o emprego".

Tamén se toparos con que o Sr Represas, que dicía que non cobraría por ser alcalde, durante o ano pasado destinou para ó seu bolsillo mais de 15.000€. Isto a maiores das seis adicacións que teñen os concelleiros do goberno e o custe dos asesores xurídico-administrativos que están a contratar.



Salvador G. Solla voceiro do PP

Na mesma liña está o asunto dos cartos que dicían ían aforrar como goberno, e que chegado finais do ano 2016, demostrouse que non lles chegou o diñeiro presupostado que era de algo mais de 262.000€. E así deixaron sen contabilizar 12.000€ que neste ano 2017 levaron a un recoñecemento extraxudicial e que se corresponden a gastos de asistencias dos concelleiros durante os meses de xullo, novembro e decembro do ano pasado que nin contabilizaron nin pagaron.

As crianzas das Neves visitan o Concello



Da man das monitoras, menores que nestes meses están acudindo ao campamento de verán organizado polo Concello, visitaron nos pasados días a casa da institución local. Ademais de coñecer o interior do edificio, falan co persoal que traballa nel e puideron coñecer de primeira man o que alí se fai.

Durante a visita o lugar que

máis entusiasmo levantou foi o salón de plenos, no que ocuparon rapidamente as cadeiras das concellerías e onde entrevistaron o Alcalde, ao que lle fixeron todo tipo de preguntas sobre a súa vida persoal, salario, funcións e un longo etcétera. Pola súa banda, o rexedor municipal recolleu as súas suxestións para a vindeira edición do campamento coa idea de axustar as activida-

des ás súas peticións.

Deste xeito preténdese achegar a institución aos máis pequenos e pequenas e facelos partícipes das accións que lles afectan directamente. Unha actividade desta renovada edición do campamento de verán, no que hai outras novidades como a práctica de bádminton, a visita á escola de música ou a realización de saídas polo entorno do concello.

Pintado de estradas nas Neves

A Deputación vén de pintar varias estradas provinciais ao seu paso pola localidade nevesa.

Trátase dun total de 15 Km distribuídos entre as estradas EP-4201 Setados – Ribarteme - Vide, EP-4203 Tortoreos – A Estación e EP-4204 A Estación - As Neves, que foron pintados nas últimas semanas coa intención de mellorar a visibilidade e facer máis segura a condución ao longo destes viais.

Ademais, adiantan dende o Concello, que actualmente se

están a iniciar as obras para a instalación de diversos pasos de peóns sobreelevados e de redutores físicos de velocidade, elementos que contribúen á protección das persoas que transitan a pé polas beiravías.

Estas accións, encadradas dentro do Plan de Mobilidade e Velocidade Segura (MÓVESE), van encamiñadas na procura dun aumento da seguridade viaria das estradas provinciais, un dos principais obxectivos marcados pola área de Mobilidade do goberno actual.



Galicia

Redacción PONTEVEDRA

Exito de “Noites no Castelo” e Pistactiva na Guarda

O dobre concerto de “Noites no Castelo” e o espectáculo circense da man de Circo Chosko e Isla Letriska foron dous dos pratos fortes da programación cultural deste verán.

Preto de 2.000 persoas acudiron á fortaleza guardesa o pa-

sado sábado, 22 de xullo, para o dobre concerto ofertado no marco do xa tradicional “Noites no Castelo”. O espectáculo comezou pasadas as 22:00 horas no Castelo de Santa Cruz, coa actuación do gaiteiro Xosé Manuel Budiño, ao que se uniu á

cantante Mercedes Peón como convidada especial para interpretar algunhas das pezas do concerto, que se enmarca na xira “Paralaia” 20 Aniversario do músico moañés.

Preto da media noite, a gaitreira Susana Seivane tomou o testemuño do espectáculo, cun repertorio de cancións propias e tradicionais, que animou aos espectadores introducindo elementos sorpresa. Así, por exemplo, incorporáronse a ela artistas como a gaitreira guardesa Nadia Vázquez e o pequeno Iago, un virtuoso da gaita aos seus 9 anos. Seivane puxo o broche de ouro a unha noite dedicada á música galega e á súa tradición.

Para celebrar o día de Galicia, o dobre espectáculo circense



Pistactiva convocou onte a pequenos e maiores no Auditorio de San Bieito onde, chegadas as 20.30 horas e coas prazas totalmente ocupadas, deu comezo a función: Isla Letriska combinou os malabares co humor ao máis puro estilo clown, mentres Circo

Chosko amosou as súas habilidades acróbatas e no trapezio, sen deixar ao marxe as súas capacidades humorísticas. Ambos cativaron ao numeroso público, de preto de 400 persoas, cun espectáculo participativo e moi divertido.



A mostra “Viaxando pola historia, cen anos do MASAT” aberta na Casa dos Alonso

A exposición “Viaxando pola historia, cen anos do MASAT”, conmemorativa do centenario do Museo Arqueolóxico do Monte Santa Trega, abriu as súas portas cun acto de inauguración no que interviron o alcalde da Guarda, Antonio Lomba, a concelleira de Turismo, Monserrat Magallanes, o deputado provincial de Turismo, Santos Hector e o arqueólogo comisario da exposición, Rafael Rodríguez.

Este último foi o encargado de explicar os contidos e o sentido da mostra, na que se amosan parte dos fondos cos que conta o MASAT, máis aló dos xa amosados

na súa exposición permanente. “Trátase de sacalos á luz e dalos a coñecer ao público en xeral; de que falemos todos, comezando polas pedras”, explicou o arqueólogo, facendo especial fincapé na importancia da labor realizada polas guardesas e guardeses que, durante anos, axudaron co seu traballo a configurar o primeiro museo arqueolóxico de Galicia. E é que o MASAT serviu de impulso para as investigacións acometidas posteriormente noutros xacementos do noroeste da comunidade, a partir das cales contamos con numerosos testemuños da cultura castrexa na nosa terra.

Na última sala da mostra recóllense varias pezas procedentes doutros xacementos da provincia, con mostras senlleiras de cada un deles, “para que comprendamos que o Trega e o MASAT foron moi importantes, e continúan sêndoo, para un período cronolóxico e cultural como é a Idade do Ferro e a cultura castrexa no noroeste”, recalcou Rodríguez.

Neste mesmo sentido se pronunciou Santos Hector, ao referirse á especial importancia do MASAT, cuxos fondos contan con preto de 40.000 pezas. “Moitos dos que visitan a provincia veñen motivados pola nosa rica historia arqueolóxica e, neste aspecto, o que máis destaca pola súa envergadura é, sen dúbida, o Monte de Santa Trega”, aclarou o deputado provincial.

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, quixo destacar a necesidade de preservar e potenciar cara ao futuro o legado deixado polos membros da Sociedade Pro-Monte, creadores do hoxe coñecido como MASAT. Este é, segundo o rexedor, “un elemento imprescindible do noso Trega” que neste ano celebra o cente-



Santos Hector na inauguración do MASAT

nario do seu museo cunha serie de actividades, entre as que Lomba distinguiu esta mostra, coa pretensión de “homenaxear e dar a coñecer unha das nosas institucións máis salientables”.

O rexedor municipal agradeceu dun xeito especial o apoio prestado pola Deputación de Pontevedra para a realización desta exposición, que conta co financiamento da institución provincial a través do Plan Concellos 2017, e para a que cedeu un equipo de profesionais encargado da parte técnica, entre os que se atopa Rafael Rodríguez, comisario da exposición e coordinador do catálogo.

A nota musical da xornada viu da man do guardés Avelino Ferreira. Acompañado do seu oboe, foi o encargado de dar comezo á inauguración pasadas as 19

horas, coa interpretación da Cantata no. 156 de Bach. O mesmo músico puxo fin ó acto inaugural interpretando a peza do filme “La Misión”, de Ennio Morricone, para dar paso á apertura oficial da exposición ao público.

A mostra “Viaxando pola historia, cen anos do MASAT” divídese en tres bloques temáticos, nos que se amosan a historia do museo, os obxectos das campañas arqueolóxicas levadas a cabo ata o 2016 e a función do Trega como “faro” de coñecemento da Idade de Ferro na nosa provincia. A exposición permanecerá aberta ó público ata o 27 de agosto, de martes a sábado cun horario de mañá de 12 a 14 horas e, xa pola tarde, de 19 a 22 horas. Os domingos e días festivos a mostra poderá visitarse en horario de mañá.



Por Juan Louzán

Entrevista a Antonio Lomba Baz, Alcalde de A Guarda

"Ainda que melloramos no tema do lixo, non estamos moi satisfeitos"

Son moitos os momentos de presión que sofre un alcalde xunto a o seu grupo de goberno. Non é un problema de aptitude, experiencia e formación, senón carencia de orzamentos e colaboración cívica. Máis os destrozos do temporal derribando o espigón de contención do mar no porto guardés..., Antonio Lomba está na tarefa de xestionar e conseguir ante todas as institucións as axudas necesarias para facer da Guarda unha cidade moderna e cos adiantos e tecnoloxías dos tempos actuais.

Este inverno os temporais provocaron bastantes desperfectos na Guarda. Os máis importantes producíronse no Dique Norte de abrigo do porto e na Senda Litoral. En que situación se atopan estas reparacións?

É certo que neste inverno un dos temporais provocou moitos desperfectos, algúns de moita importancia. Dos máis pequenos fíxose cargo o concello pero no caso dos máis grandes a responsabilidade é doutras administracións. O dique e paseo norte do porto corresponde a Portos de Galicia e a Senda Litoral a Costas do Estado. No primeiro caso as obras van bastante avanzadas pero aínda fan falta uns meses para rematalas, segundo a empresa, está previsto que rematen antes de que veña o mal tempo. Neste caso o concello reclamou a empresa dilixencia na reparación do paseo do porto, estas reparacións van algo atrasadas e na tempada de verán son usadas por moita xente. A Senda Litoral está reparada. Neste caso en vez de facer a reparación en madeira fíxose en formigón impreso. O acabado quedou moi ben e desta maneira resistirá mellor futuros temporais.

Nestes últimos anos parece houbo proxectos comúns entre A Guarda e Camiña. Como se atopa a relación cos veciños portugueses? Como está funcionando o Ferry na actualidade e cal é o seu futuro?

A relación do concello da Guarda coa cámara de Caminha nestes momentos é moi fluída. A relación persoal entre os alcaldes é moi boa. Estamos participando e organizando eventos en común practicamente durante todo o ano e compartimos presenza institucional en actos nas dúas vilas. A modo de exemplo podemos dicir que no ano 2016 fixemos máis de 100 veciños o Camiño Portugués da Costa, primeiro ata Santiago e logo ata Fisterra, e este ano 2017 continuamos cunha programación de andainas conxunta. Outro exemplo pode ser que na celebración da procesión das alfombras florais en Caminha un grupo alfombristas da Guarda fixeron un tapete florido no concello veciño.

En canto o Ferry o seu funcionamento é razoablemente bo, tendo en conta que os gobernos, tanto Español como Portu-

gués, non realizan dragados. As veces teñen que suspenderse algunhas viaxes durante a baixamar pero segue sendo un medio de transporte fundamental entre as dúas marxes do río, máis aínda tendo en conta que é parte do Camiño Portugués da Costa. Nestes últimos anos a cámara de Caminha ten asumido uns dragados parciais na desembocadura do río Coura que é onde se presentan máis problemas. Aínda así eu considero que se debe facer un estudo para determinar un medio de comunicación sostible para persoas e vehículos entre A Guarda e Camiña.

Sabemos que o concello está traballando coa Xunta de Galicia nun proxecto para o monte que se chama "Porta do Trega" en que consiste esta actuación?

O concello da Guarda e a Axencia de Turismo de Galicia están traballando nun convenio para executar, por valor de 220.000 €, unha área de control de visitantes na subida ao monte, na zona de Chans. O proxecto desta obra é do guardés Mauro Lomba que foi o que a bautizou co nome de "porta do Trega" pola súa forma e polo seu significado.

Durante o ano 2016 estiveronse facendo escavacións no "barrio de Mergelina" no marco dun convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento. Despois destas escavacións estaba previsto realizar a musealización desa zona do poboado castrexo. En que estado se atopa este proxecto?

Parece que houbo algún tipo de problema entre o Ministerio e a Deputación que levou a que a que musealización non estea executada. A información que teño nestes momentos é que a Deputación aprobou o expediente de contratación do proxecto de consolidación, restauración e escavación de apoio do xacemento arqueolóxico do "barrio de Mergelina", cuxo importe é preto de medio millón de euros e que ten un tempo de execución previsto de nove meses. Despois destes traballos de consolidación será o Ministerio quen se encargue da musealización.

A principios da lexislatura a Presidenta da Deputación prometeu na Guarda que a administración provincial executaría a



urbanización da rúa Concepción Arenal. En que estado se atopa este proxecto?

Agora mesmo estamos na fase de redacción do proxecto. No momento que estea ramatado e coñezamos o custo exacto asignaremos un convenio coa Deputación. O concello terá que aportar un 30% do custo da obra que se executará previsiblemente entre o 2017 e o 2018. A urbanización é moi ambiciosa e cambiará o totalmente unha das principais rúas da Guarda. Actuarémos na totalidade da rúa dende o cruce coa rúa Galicia ata o remate na Riveira.

Están a traballar nalgún outro proxecto coa Deputación de Pontevedra?

Estivemos demandando a colaboración da Deputación noutros proxectos que consideramos fundamentais para A Guarda. Se imos a buscar financiación noutras administración é necesario dispoñer de proxectos redactados e coñecer o custo das obras a executar. Nestes momentos, ademais do proxecto de Concepción Arenal a Deputación de Pontevedra está a redactar o proxecto do acceso sur do porto da Guarda, unha vía imprescindible para o futuro, sobre todo da zona portuaria, tamén está o proxecto do auditorio municipal, unha infraestrutura fundamental e moi necesaria e, dacordo co clube Atl Guardés, o proxecto de reforma e ampliación do pavillón Municipal, para ter unha instalación deportiva máis acorde coas necesidades dun club campión de liga.

Fai un mes aprobouse o regulamento de limpeza pública e recollida de lixo. Como vai a posta en marcha deste regulamento despois da campaña de difusión?

Segundo as miñas propias observacións

e as informacións dos servizos municipais houbo, nestes primeiros meses, unha notoria melloría. Aínda así non estamos totalmente satisfeitos, seguen a producirse situacións non desexables que prexudican a nosa imaxe e incomodan a moitos veciños, como son por exemplo: a deposición de lixo e voluminosos fora dos contedores e que se bote lixo durante os sábados, esta é a principal causa dos malos cheiros dado que o domingo non hai recollida. Seguiremos traballando neste sentido, sabemos que é difícil mudar algunhas costumes. Aínda así temos tamén cousas positivas, na actualidade somos unha das vilas que máis recicla de toda Galicia e o noso punto limpo é unha referencia para moitos concellos.

Ribeira do Miño
marisquería

Ribeira

PLATOS TÍPICOS GALLEGOS
MARISCADAS PARA LLEVAR

Santa Brígida, 1
28004 MADRID
Tel. 91 521 98 54
Tel. 91 531 33 93

www.marisqueriaribeiradomino.com

Ribeira do Miño

Galicia

Redacción PONTEVEDRA

A Guarda acolleu a cuarta edición das Xornadas de Pesca sobre Grandes Migradores

No marco da celebración da XIV Festa do Peixe Espada, a Organización de Palangueiros Guardeses (ORPAGU) celebrou durante esta mañá as IV Xornadas Internacionais de Pesca sobre Grandes Migradores na Casa Cultural da Comunidade de Montes de Camposancos. O lema nesta cuarta edición foi “Responsabilidade: social, económica e pesqueira”, sobre o que xiraron as intervencións dos relatores ás que asistiron máis de 100 profesionais vinculados ó sector da pesca con palangre e representantes das administracións pesqueiras de España e Portugal.

Presidiron a inauguración o alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba, o Presidente de ORPAGU, Joaquín Cadilla, o director xeral de Recursos Pesqueiros español, José Miguel Corvino e a representante da Dirección Xeral de Recursos Naturais, Seguranc e Servizos Marítimos (DGRM), Emilia Batista.

Antonio Lomba, encargado de dar a benvida ós presentes,

dedicou un recibimento especial aos visitantes lusos, con motivo do recente recoñecemento de ORPAGU como organización de ámbito europeo. Isto tradúcese, segundo explicou o rexedor, na posibilidade da organización de acoller buques procedentes doutros países da Unión Europea no seu seo, o que lle confire un carácter marcadamente internacional. “Dado o estreito vínculo que existe co noso veciño luso, a presenza de Portugal cobra unha especial relevancia nesta ocasión”, afirmou o alcalde, que aproveitou para convidar ós asistentes a visitar ó Monte Santa Trega e, por suposto, o Porto da Guarda, onde se celebra a Festa do Peixe Espada durante a fin de semana.

José Miguel Corvino centrou a súa intervención durante a inauguración das Xornadas nos retos que afronta o sector actualmente, especialmente, no referente á problemática da comercialización da aleta de tiburón, dada a falta de armonización legislativa ó respecto



nas distintas rexións do mundo. A pesar da estricte normativa europea na materia, afirmou o director xeral de Recursos Pesqueiros, en España “a flota de palangre de superficie caracterízase polo seu bo facer” o que o converte, afirmou, “nun referente a nivel mundial”.

A representante da DGRM lusa, pola súa parte, puxo o acento nas características e particularidades da flota portuguesa, ao tempo que incidiu na necesidade dunha normativa europea transparente e xusta,

que permita unha explotación pesqueira en termos de igualdade a nivel internacional e non repercuta negativamente na competitividade do sector europeo.

As ponencias destas Xornadas, que se desenvolveron entre as 10.00 e as 14.00 horas, xiraron en torno a sustentabilidade da pesquería, o traballo na pesca, o consumo de produtos pesqueiros e as tendencias do mercado, así como das innovacións e desenvolvemento dos produtos pesqueiros e a súa normativa.

Isaura Lago gaña o XXXI Certame de Poesía Feliciano Rolán

O día 21 de xullo, tivo lugar no local da Agrupación Cultural Guardesa a reunión do xurado cualificador do XXXI Certame de Poesía Feliciano Rolán en presenza de membros da directiva.

Formaron parte do xurado: Chuny Vázquez Vicente, poetisa e pintora; Gloria Inés Vázquez Castro, mestra de Educación Primaria, María Soledad Diz Amil, licenciada en Xeografía e Historia e bibliotecaria do Concello da Guarda; Florentina Andrés Álvarez, profesora e doutora en Ciencias Políticas; Fátima Pérez Sobrino, licenciada en Filoloxía Hispánica.

O xurado acordou premiar co primeiro premio a Isaura Lago Álvarez, de Redondela, polo poema “Meu fillo, meu corpo”, conceder o segundo premio a Rocío Leira Castro, de Cee (A Coruña), polo poema “Ruínas habitadas” e o terceiro a Ramón Sandoval, de Vigo, polo poema “Náufrago das cidades”.

A data de entrega de premios será o xoves día 3 de agosto ás 9 da tarde no Centro Cultural da Guarda e contarán coa actuación das pianistas María Alonso Vázquez e Laura González González.

Casa Gallega
RESTAURANTE - BAR - MARISQUERIA

C/ Bordadores, 11 - 28013 Madrid - Tels. 91 541 90 55 - 56 - Fax 91 559 12 25
www.lacasagallega.com - casagallega@lacasagallega.com

Museo del Pan Gallego

EMPANADA - TARTAS
ROSCONES - VICAS
PAN DE CENTENO Y MAÍZ
fresco todos los días

- HORNO DE LEÑA -
Todo ello fabricado
en horno de leña
por Técnicas Gallegas

Pza. de Herradores, 9
28013 Madrid
Tfno. 91 542 51 60

museodelpangallego@hotmail.com
www.museodelpangallego.com

GASTROTABERNA

As Pedriñas
Novas

C/ José Ortega y Gasset, 66 - 28006 Madrid
Tlf.: 91 401 44 45

PLATOS TÍPICOS GALLEGOS
Especialidad en Mariscadas
Empanada de Lomo
Lacón con grelos
Caldo gallego
Pulpo a feira
Viño d'a terra

Se venden grandes Mariscadas para la calle (Obsequio de Viño d'a terra)

Se celebran Comuniones y Comidas de Empresa

Marisquería
Restaurante

Río Miño

De Lunes a Viernes MENÚ DIARIO

Calle Limón, 9
28015 MADRID

RESERVA DE MESAS
Tel. 91 547 31 98 y Tel./Fax: 91 541 26 34

Cervecería
Restaurante

NUEVO
PUERTO
DE VIGO

Arroces,
pescados y
mariscos

e-mail: nuevopuertodevigo@hotmail.com

Teléfonos de Reserva:
91 542 71 87 - 91 547 87 50

Redacción PONTEVEDRA



Foto de familia antes de entrar á cea.



Vista da mesa de autoridades.



Outra vista da mesa de autoridades.



Vista xeral das mesas da cea



Coral do C.A.Sportivo dirixida por Angel Viro

50 anos de historia e unha homenaxe máis que merecida

Días pasados celebrouse no Hotel de Mondariz-Balneario unha cea que tiña unha dobre función. Por unha banda servía para conmemorar os 50 anos da existencia da Coral do Centro Artístico Sportivo, de Ponteareas; pola outra coma homenaxe de agradecemento “ao Padre Carballo”, (como el gusta que lle chamemos, polo tempo que pasou entre nós como Superior do Convento de Canedo), por facer de Embaixador da Coral diante do Vaticano onde actuou cantando en San Pedro e Santa Maria Maggiore. Algo impensable.

Á cea asistiron diferentes autoridades de dentro e fora de Ponteareas.

Non faltou Antonio Troncoso, sempre disposto a apoiar a coral por eses mundos; a alcaldesa de Lugo (casada co fillo do director da Coral Angel Viro), o alcalde Ponteareas, Pepe Represas; Nava Castro e seu pai, Pepe Castro; Salvador González, exalcalde e, como non, o Presidente do Sportivo Pedro Alfaro.

O acto resultou emotivo e entrañable. Todos os alí presentes se sentían protagonistas aínda que, obviamente, uns máis que outros.

Finalmente a Coral, dirixida polo seu director Angel Viro, interpretou “El Peregrino” na honra do homenaxeado Padre Carballo e para compracer a todos os presentes.



Pedro Alfaro



Padre Carballo



Antonio Troncoso de Castro



José Represas



José Castro



Angel Viro

V FESTIVAL GROBA 2017

11 ao 18 de agosto | 2017
PONTEAREAS

GUY BRAUNSTEIN
CLARA JUMI KANG
ROGELIO GROBA
PABLO VIDAL
MIGUEL DA SILVA
HÉLÈNE DEISANT
ANASTASIA KOBKINA
LEONARD ELSCHENBROICH
ZVI PLESSER
ALBA REIRÍS
MANUEL LORENZO

SUNWOOK KIM
JULIEN QUENTIN
ANNA CREXELLS
ANTÍA COUTO
GILI SCHWARZMAN
BERNABÉ SIMES
ISABELLA GAUDÍ
RAMÓN PERÉZ SINDÍN
LUIS ÁLVAREZ CABADO
ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

www.festivalgroba.com

ORGANIZA: ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

PATROCINAN: PONTEAREAS, Concello de PONTEAREAS, DEPUTACIÓN PONTEVEDRA, XUNTA DE GALICIA

TODOCONDADO

a guía dixital das comarcas de O Condado e A Paradanta

www.todocondado.com

CICLO Mondariz H.O. CON HUMOR

PUNTOS VENDA: BERMINELLI, CAFETERIA GONIXUL, TICKETEA.COM

MIGUEL LAGO DOMINGO 17 SETEMBRO 20H

CARLOS BLANCO DOMINGO 15 OUTUBRO 20H

QUICO CADAVAL SABADO 11 NOVEMBRO 21H

OSWALDO DIGON SABADO 9 DECEMBRO 21H

ORGANIZA: Mite (TEU)

COLABORA: Concello de Mondariz

ANTICIPADA 10€ - TAQUILLA 13€
BUTACAS NON NUMERADAS MAIORES DE 16 ANOS

AUDITORIO MUNICIPAL DE MONDARIZ

Sexta-feira
Branta
Baleia Baleia Baleia
Coro Fuscalheiro
Bigote Mix
Fran Alonso
Palmira V. Mendes

Sábado
O Leo Arremecaghorá
Brinca Vai
Sacha na Horta
Os Diplomáticos de Monte Alto
De outra Margem
Ronco&Fol
Esposa

Apresenta: Isabel Risco
Recitam: Charo Lopes, F. X. F. Naval, Lorena Conde, Marga Tejo, Miriam Ferradáns, Rebeca Bascirodo, Vitor Vaqueiro, Marilar Alexandre, Comandante Esbardalle, Catarina Fernandes

31 Festival da Poesia no Condado

1-2 / setembro
Salvaterra de Minho (2017)

Programa com completa: scdcondado.org

scd.condado

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA PATRIMONIO

4ª festa 80's

quero bailar hasta perder el control!

13H CONCENTRACION MOTOS CLASICAS

13:30H SESION VERMOUTH KOMO AYER

22:30H CONCERTO OCHENTERO

2con2

LA BANDA DE MAZINGER

Colaboran: DEPUTACIÓN PONTEVEDRA, pontegai

6 agosto 2017 domingo

As Neves Praza Maior

Organiza: Asociación Cultural AS NEVES GROUP

acude vestido/a dos 80